

Artesanía

39



Índice:

1. INTRODUCCIÓN	5
1.1. Obxectivos do estudo	6
1.2. Metodoloxía	6
1.3. Características da guía de actividade empresarial	6
2. DESCRICIÓN DO SECTOR	7
3. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS	13
4. CONTEXTO SECTORIAL	14
4.1. O sector da artesanía	15
5. MERCADO	19
5.1. Análise da demanda	19
5.1.1. Tamaño do mercado	20
5.1.2. Hábitos de compra.....	22
5.1.3. Canles de comercialización.....	23
5.2. Análise competitiva	24
5.2.1. Análise da oferta	24
5.3. Situación actual e previsións para o futuro	30
6. RECOMENDACIÓNS	35
6.1. Marketing	36
6.1.1. Produto	36
6.1.2. Prezo	37
6.1.3. Distribución	37
6.1.4. Promoción	38
6.2. Recursos humanos	39
6.2.1. Perfil profesional.....	39
6.2.2. Estrutura organizativa	39
6.2.3. Servizos exteriores	40
6.2.4. Convenios colectivos aplicables.....	40
6.3. Recomendacións	41
6.4. Identificación de oportunidades de negocio	43

7. VARIOS.....	44
7.1. Normas sectoriais de aplicación	44
7.2. Axudas	46
7.3. Organismos	48
7.3.1. Organismos e institucións	48
7.3.2. Asociacións profesionais	49
7.3.3. Centros de estudos	52
7.4. Páxinas útiles en Internet	55
7.5. Bibliografía.....	56
7.6. Glosario.....	58
7.7. Fontes	60
8. ANEXOS	61
8.1. Anexo de información estatística de interese	61
8.2. Anexo de feiras	68
8.3. Anexo de formación	69
9. NOTA DE AUTORES	72

1. INTRODUCCIÓN

Como Utilizar esta Guía

O seguinte esquema amosa o percorrido que seguirás ó longo da lectura desta Guía e ten por finalidade facilitarche a comprensión da mesma. A información agrúpase en oito bloques na seguinte orde:

1 Introducción

Cáles son os obxectivos desta guía, o método que seguimos para a súa elaboración e o enfoque que se seguiu á hora de realizala.

2 Estructura do sector da artesanía

Cal é o conxunto de actividades que comprende o sector da artesanía.

3 Principais conclusións

Resumo da Guía coas principais conclusións que tira a lectura da mesma.

4 Análise do contexto sectorial

Análise do sector da artesanía en España.

5 Mercado da artesanía

Análise da demanda e da competencia do sector da artesanía en Galicia.

6 Recomendacións

Inclúe unha serie de recomendacións xerais que se desprenden da análise do sector así como oportunidades de negocio identificadas.

7 Varios

Información sobre distintos aspectos da actividades: directorio de organismos, páxinas web, bibliografía, glosario, etc.

8 Anexos

Inclúe información estadística de interese, feiras, cursos, etc

1.1. Obxectivos do estudo

Os datos que o emprendedor necesita para facer unha primeira análise de viabilidade do seu proxecto empresarial, xeralmente, son estimados de forma intuitiva ou teñen natureza sectorial ou macroeconómica. Resulta evidente que, en ambos casos, a información da que se dispón é de pouca axuda para a elaboración do Plano de Empresa, ao non estar adaptada á realidade do contorno no que se vai desenvolver a actividade.

Por conseguinte, o obxectivo da presente Guía é o de proporcionar información relevante para facilitarche a análise sobre a viabilidade da túa idea e a propia elaboración do teu Plano de Empresa.

1.2. Metodoloxía

Durante o proceso de elaboración desta Guía efectuouse un estudo de gabinete baseado en información proporcionada por fontes secundarias (estadísticas, informes publicados, etc.) mediante o que se pretende definir as condicións obxectivas nas que se encontra este sector actualmente.

Por outra parte, desenvolveuse un traballo de campo consistente na realización dunha serie de entrevistas a artesáns e obradoiros, por un lado, e a expertos, polo outro, co fin de profundar no coñecemento do sector e nas características específicas das empresas que operan no mesmo.

1.3. Características da guía de actividade empresarial

A Guía da Artesanía é unha Guía Sectorial. Por tanto, trátase dunha Guía que analiza o conxunto de actividades (microactividades ou sectores) que comparten tecnoloxía ou modo de facer, con independencia dos colectivos aos que se dirixen.

Para obter máis información sobre a clasificación xeral dos tipos de guías podes consultar a Guía de Recursos editada por Bic Galicia dentro desta colección "Guías de Actividade Empresarial", e dispoñible na web <http://guias.bicgalicia.es>. Esta guía de Recursos é un instrumento de apoio ás guías de actividade xa que contén información xeral aplicable a todos os sectores. Debes consultala simultaneamente á guía específica relacionada coa túa actividade.

2. DESCRICIÓN DO SECTOR

A artesanía en Galicia é unha actividade cunha longa tradición que forma parte do patrimonio cultural e constitúe, ao mesmo tempo, un sector de grande importancia socioeconómica.

A actual situación expansiva que experimenta o sector da artesanía débese a varias causas de diferente índole. En primeiro lugar, á revalorización da cultura popular e dos sinais de identidade distintivos, experimentada durante a década de 1980, en parte como reacción ante o proceso de homoxeneización cultural que, en certa medida, leva a globalización.

En segundo lugar, a unha serie de transformacións nas pautas e hábitos de consumo da poboación que se plasman no emerxer dun “consumidor crítico” que valora crecentemente as creacións individualizadas e o deseño (en boa medida como reacción á masificación da produción en serie e despersonalizada e da crecente presenza de tendas de produtos baratos).

En terceiro lugar, existe un factor institucional que non debe ser minusvalorado. A partir da década de 1990, a Xunta converteu a artesanía nun eixe central do desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e do desenvolvemento rural en particular. Considérase que a artesanía pode ser unha actividade que axude a fixar a poboación no medio rural e que contribúa á creación de microempresas e ao fomento do autoemprego.

A actividade artesanal pode ser definida, segundo se recolle no artigo 2 da Lei 1/1992 de artesanía de Galicia, como toda aquela “actividade económica que supoña a creación, produción, restauración ou reparación de bens de valor artístico ou popular, así como a prestación de servizos, sempre que os mesmos se presten ou obteñan mediante procesos nos que a intervención persoal constitúe un factor predominante e o produto final sexa de factura individualizada e distinta da propiamente industrial”.

Esta Lei clasifica os grupos de actividades artesanais do seguinte modo:

- Artesanía de carácter tradicional e popular.
- Artesanía artística ou de creación.
- Artesanía de produción de bens de consumo.
- Artesanía de servizos.

Outra clasificación frecuentemente empregada diferencia entre tres tipos de artesanía, en función do carácter rural ou urbano e tradicional ou contemporáneo da mesma. Hai así que distinguir entre:

- Artesanía tradicional popular ou basicamente rural.

Os produtos parecen responder a razóns etnográficas e cobren necesidades concretas sen pretensión de converterse en obras de arte. As materias primas, a tecnoloxía, a mecánica do oficio e as pezas elaboradas obedecen a patróns establecidos pola tradición, aínda que nalgúns casos se produzan “pezas de nova creación” ou improvisadas polos artesáns. Este aspecto, non obstante, permitiu conservar toda a frescura e espontaneidade da expresión popular, o que se converte tamén nun valor engadido de interese.

A maioría destes obradoiros producen a nivel local obxectos de uso doméstico ou para os labores agrícolas e pesqueiros. Os seus produtos concentran valores en alza na sociedade actual: autenticidade, materiais naturais e autóctonos, raíces e cultura popular, personalización, humanización da produción, etc.

Nalgúns casos aínda se seguen utilizando para os usos tradicionais (cestería e palla, calzado, carpintería, exvotos, alimentación, albardaría, forxa, etc.) ou, como no caso dos encaixes, perdura unha importante industria doméstica cuns mecanismos de produción e comercialización tradicionais.

- Artesanía tradicional urbana.

Comprende oficios na súa maior parte profesionalizados, exercidos a tempo completo por artesáns que dispoñen dalgún tipo de formación especializada, en escolas de artes aplicadas e oficios artísticos ou en obradoiros consolidados.

A súa produción goza dun amplo prestixio; aquí inscríbese o traballo de canteiros-escultores, tallistas, douradores, imaxineiros, encadernadores, gravadores, vidreiros, fundidores, prateiros, xoieiros, esmaltistas, ebanistas, reloxeiros, etc. Tamén se inclúen aquí oficios que cobren outras finalidades: latoeiro, construtor de instrumentos musicais, xogueteiro, fotógrafo, pirotécnico, cereiro, etc. Algúns deles abastecen a demanda de grupos culturais moi definidos, como no caso dos traxes e os seus complementos e dos instrumentos tradicionais.

- Artesanía contemporánea.

Esta modalidade, tamén chamada nova artesanía, basicamente é exercida por persoas de cultura urbana e formación moi diversa. A súa principal característica é a produción creativa ou de autor, definida pola orixinalidade. Responde nos seus modelos a un discurso universal, aínda que nalgúns casos se reivindicán as formas ou a linguaxe popular, adaptándoo ás demandas da sociedade actual.

Nalgúns casos o exercicio do oficio é vocacional e encádrase dentro da procura dunha maior relación persoal co traballo, da mellora da calidade de vida e da necesidade de produtos naturais, como reacción ás condicións do sistema industrializado masificado e, en xeral, aos inconvenientes da vida na gran cidade.

Os obradoiros están situados indistintamente no medio rural, nas vilas ou nas cidades e neles utilízanse diferentes tipos de tecnoloxía, desde a máis rudimentaria á máis sofisticada, para realizar traballos de: cerámica, cartón-pedra, téxtil, marroquinería, vidro, metalistería, xoiería, esmalte; así como para a elaboración de xoguetes, maquetas, miniaturas, etc. Este tipo de artesáns atenden á demanda da cultura urbana actual e aparecen ligados á moda e ás tendencias da decoración; mesmo algunhas destas pezas empezan xa a catalogarse como “de autor” ou como “obxectos de arte”.

Algúns obradoiros afondan na investigación e traballan con todos os elementos presentes no proceso do deseño. Os seus produtos gozan de grande aceptación e demanda no mercado por reunir características de grande actualidade: obxectos lúdicos, dun nivel de calidade medio-alto, coa pegada persoal do autor que, á vez que garante a súa exclusividade, ofrece unha orixe coñecida e dificilmente mediatizada.

Por outra parte, o exercicio de calquera actividade artesanal, en calquera das súas modalidades, será recoñecido mediante a súa inclusión no Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia e, no seu caso, a concesión da correspondente carta de artesán. Dito Rexistro depende da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, a cal depende á súa vez da Consellería de Innovación e Industria.

O Rexistro Xeral de Artesanía ten carácter público e a inscrición no mesmo é de balde. Organízase en tres seccións:

- Primeira: Actividades artesanais.
- Segunda: Obradoiros artesanais.
- Terceira: Artesáns e mestres artesáns.

En cando á primeira sección, resérvase a consideración de actividades artesanais a todas aquelas actividades económicas que se adecúen á definición con anterioridade, recollida no artigo 2 da Lei 1/1992.

En relación coa segunda sección, a Lei 1/1992 regula a concesión da cualificación (Carta) de obradoiro, que poderá outorgarse a toda unidade económica na que se realicen actividades artesanais e que reúna as seguintes condicións:

- Que a actividade desenvolvida teña un carácter preferentemente manual, sen que perda este carácter o emprego de utensilios e maquinaria auxiliar sempre que se orixine un produto individualizado.
- Que como responsable da actividade figure artesán ou mestre artesán que a dirixa e participe na mesma.
- Que a actividade que desenvolva figure rexistrada na Sección de Actividades Artesáns do Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia.
- Que o número de traballadores non familiares empregados con carácter permanente non exceda de dez, excepto os aprendices alumnos (aínda que excepcionalmente, e se se cumpren os demais requisitos, poderá declararse obradoiro aquel que supere dita cifra).

Tamén poderán aproveitar da consideración de obradoiro aquelas unidades de carácter cooperativo ou asociativo que se dediquen exclusivamente á comercialización de produtos artesanais sempre que todos os integrantes sexan, á súa vez, profesionais de artesanía.

Con relación á terceira sección, no Decreto 218/2001 sinalase que a condición de artesán ou mestre artesán será acreditada mediante a posesión da carta correspondente. Para lograr dita acreditación é necesario cumprir unha serie de requisitos.

En primeiro lugar, é preciso ter superado os correspondentes cursos en centros de ensino que impartan formación artesá cunha duración mínima de 500 horas.

En segundo lugar, é necesario ter traballado nun obradoiro, debidamente inscrito, baixo a dirección dun mestre artesán, recoñecido como tal pola Consellería competente en materia de artesanía, cunha asistencia mínima de 500 horas.

Por último, debe exercerse unha actividade artesanal que supoña a creación, produción, restauración ou reparación de bens de valor artístico ou popular, así como a prestación de servizos, sempre que estas se presten ou obteñan mediante procesos nos que a intervención persoal constitúa un factor predominante e o produto final sexa de factura individualizada e distinta da propiamente industrial.

Para poder ser recoñecido como mestre artesán, ademais de estar inscrito no Rexistro Xeral, é necesario ter realizado funcións de dirección e participación na actividade dun obradoiro durante un período mínimo de 10 anos, ou ter impartido durante o mesmo período ensinanzas dunha actividade considerada artesá.

Con relación ás actividades consideradas, debe sinalarse que o sector da artesanía comprende un amplo conxunto de oficios. O Rexistro Xeral recolle un total de 90 actividades artesanais (se ben no Directorio de Obradoiros Artesanais preséntanse, para 2005, datos dun total de 61), que poden ser agrupadas en 13 categorías:

- Têxtil.
- Vestido.
- Calzado.
- Madeira.
- Papel e cartón.
- Artes gráficas.
- Coiro.
- Produtos minerais non metálicos.
- Vidro.
- Pedra.
- Metais.
- Instrumentos musicais.
- Varios.

No Cadro 0200.1 do apartado 8.1 poderás consultar as actividades artesanais que se engloban en cada unha das categorías anteriores.

Desde un punto de vista estatístico, as distintas actividades económicas clasifícanse seguindo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-93). Dependendo do tipo de actividade, este terá un código diferente. No seguinte cadro amósanse todas as actividades artesanais tal e como se recollen no Anexo IV do Decreto 218/2001.

CNAE-93	
151 Chacinería	155 Queixos e manteiga 158 Pastelería, confeitaría, panadería
17 Industria téxtil	172/4/5 Tecidos 173 Decoración de teas 175 Encaixes, palilleira, picador de cartóns, bordados, redeiro/a 177 Calceta, gancho
18 Industrias da confección e da peletería	182 Xastre. Modista. Traxes tradicionais populares 183 Peletería
19 Preparación, curtido e acabado do coiro e similares	191 Curtidos 192 Gornicionería e talabartería. Repuxado e decorado de coiro 193 Zoqueiro, produtor de zocos e zocas. Zapatería
20 Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles, cestería e espartería	201 Tornería 203 Carpintería 204 Tonelería, fabricante de ferradas ("sellas"). 205 Talla. Taracea. Imaxinería. Cestería. Labores de palla
21 Industria do papel	211 Papel 212 Manipulados de papel e cartón
22 Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	222 Encadernación. Serigrafía 223 Gravados
24 Industria química	246 Pirotecnia
26 Fabricación de outros produtos minerais non metálicos	261 Vidreiro. Vitralista. Tallista de vidro 262 Olería. 267 Cantería 267 Talla de pedra ou mármore
27 Metalurxia	275 Fundición. Fundición de campás
28 Fabricación de produtos metálicos excepto maquinaria e equipos	284 Forxa e ferrería 285 Follatería 285 Esmaltes 285 Metalistería 286 Cerrallaría decorativa ou artística 287 Caldeirería
33 Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería.	335 Construción e reparación de reloxos

CNAE-93	
35	Fabricación doutro material de transporte 351 Carpintería de ribeira
36	Fabricación de mobles, outras industrias manufactureiras 361 Tapicería. Ebanistería. Dourado 362 Pratería. Xoiería. Ourivería. Talla de pedras preciosas ou semipreciosas. Talla de acibeche 363 Produtor de instrumentos musicais. Afinación. Lingüeta ("palleta") 364 Produtor de artigos deportivos 365 Xoguetes, bonecos 366 Talla de coral, marfil, nácara, carey, ónix, etc. Modelos ou maquetas. Miniaturas. Taxidermia. Paraugas e bastóns. Produtor de perrucas ou postizos. Cerería. Figuras de pan tradicionais populares
45	Construción 454 Mosaicos. Pinturas e revestimentos decorativos
52	Comercio polo miúdo de flores e plantas 524 Arranxos florais con flores naturais ou secas, fabricación de flores de papel ou teas
74	Outras actividades empresariais 748 Fotografía (proceso non automatizado). Escaparatismo. Rotulación
92	Actividades recreativas, culturais e deportivas 923 Escultura. Debuxo. Restauración. Escenografía e cartelismo. Pirogravado. Cartón pedra
93	Actividades de servizos persoais 930 Afiado

Algunhas das actividades reflectidas nesta clasificación, ou estreitamente relacionadas coas mesmas, foron tratadas xa con maior profundidade noutras guías:

- Artesanía en pedra.
- Artesanía: cerámica.
- Artesanía: encadernación.
- Artesanía: xoiería.
- Artesanía: madeira.
- Artesanía: vidro.
- Despachos de pan e repostería artesanal.

Podes consultalas na páxina web: <http://guias.bicgalicia.es>

3. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

- A artesanía é unha actividade económica fundamental para o tecido produtivo.
- A artesanía pode ser un elemento fundamental nas estratexias de desenvolvemento rural sostible.
- A creación de obradoiros seguiron un bo ritmo nos últimos anos, tanto en España como en Galicia. Así, o número de obradoiros rexistrados en Galicia entre 1994 e 2006 multiplicáronse por máis de 5.
- En España, o maior número de obradoiros concéntrase nas comunidades autónomas de Andalucía, Cataluña e Madrid.
- As actividades relacionadas cos mobles de madeira e a cerámica son as dos que aglutinan o maior número de obradoiros en España.
- En Galicia, os metais, os produtos minerais non metálicos e a madeira son as tres actividades artesanais nas que se concentran o maior número de obradoiros rexistrados.
- A produción bruta anual estimada do sector da artesanía en Galicia é de 60 millóns de euros, aproximadamente. Non obstante, hai que poñer de manifesto a existencia dunha porcentaxe de mercado non contabilizado que se desenvolve en condicións irregulares (se ben a súa importancia é moi diferente en función do subsector do que se trate).
- Os consumidores valoran principalmente as características intrínsecas aos produtos artesanais: o propio proceso de creación das pezas, a calidade das mesmas ou o seu carácter único.
- Os perfís de clientes varían moito en función do subsector do que se trate. Así por exemplo, no caso da artesanía contemporánea, o perfil do cliente correspóndese co de unha muller de mediana idade cun nivel sociocultural e socioeconómico medio-alto.
- As canles de comercialización máis utilizadas son os directos, se ben isto pode variar significativamente en función da actividade e o oficio concreto do que se trate. De forma xenérica, a produción a partir de encargos e a asistencia a feiras son dous medios fundamentais de venda. A comercialización en tenda propia é unha opción menos empregada.
- Os obradoiros seguen unha pauta de concentración por provincia proporcional, en boa medida, aos respectivos pesos demográficos.
- A forma xurídica predominante é a de autónomos.
- A gran maioría dos obradoiros galegos son microempresas: algo máis do 80% teñen entre 0 e 2 asalariados.
- En Galicia traballan no sector da artesanía, tanto a tempo completo como parcial, arredor de 8.000 persoas.

4. CONTEXTO SECTORIAL

A lectura deste capítulo permitirache coñecer:

- > A EVOLUCIÓN DO SECTOR EN ESPAÑA POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
- > A EVOLUCIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES ARTESANAIS EN ESPAÑA.
- > A EVOLUCIÓN DAS DISTINTAS ACTIVIDADES ARTESANAIS QUE COMPOÑEN O SECTOR EN GALICIA.

A análise do contexto sectorial permitirache obter as seguintes conclusións:

- **A artesanía é unha actividade económica fundamental para o tecido produtivo.**
- **A artesanía pode ser un elemento fundamental nas estratexias de desenvolvemento rural sostible.**
- **A creación de obradoiros seguiu un bo ritmo nos últimos anos, tanto en España como en Galicia.**
- **O maior número de obradoiros concéntrase nas comunidades autónomas de Andalucía, Cataluña e Madrid.**
- **As actividades relacionadas cos mobles de madeira e a cerámica son as dos que aglutinan o maior número de obradoiros en España.**
- **En Galicia, os metais, os produtos minerais non metálicos e a madeira son as tres actividades artesanais nas que se concentran o maior número de obradoiros rexistrados.**

4.1. O sector da artesanía

A importancia da artesanía non radica tanto no volume de emprego que xera ou na súa achega á economía española, como na súa contribución á cohesión socioeconómica desde unha perspectiva microsocia e ao mantemento duns oficios tradicionais que forman parte de noso patrimonio cultural. As actividades artesanais, en efecto, contribúen á xeración de autoemprego, á fixación da poboación en pequenos núcleos de poboación e á dinamización socioeconómica das zonas nas que se sitúan. Isto, xunto co escaso impacto medioambiental de ditas actividades, explica que se trate dunha forma de desenvolvemento sostible que debe ser potenciada.

Neste sentido, hai que destacar a posibilidade de establecer sinerxias que potencien aínda máis o valor da artesanía. Por un lado, a súa combinación co turismo rural pode reportar beneficios mutuos: a artesanía, como forma de patrimonio, é un atractivo turístico, mentres que unha axeitada rede turística supón o impulso da artesanía. Por outro lado, os obradoiros preséntanse como lugares ideais para a promoción do uso das enerxías renovables. Pódense xerar así procesos de retroalimentación sostibles no tempo.

Isto afecta, sobre todo, á artesanía tradicional popular (pois é a única intrinsecamente unida a un lugar e ás súas tradicións e costumes), que deste modo quedaría integrada en circuitos que relacionarían paisaxe e cultura material. Iso implica a recuperación dunha visión rural do pasado que pode dar pé a unha reflexión sobre os nosos anteriores modos de vida e ao encontro cunha experiencia integral turístico-artesanal-rural de grande potencial para o desenvolvemento do territorio: o turismo rural, a gastronomía, os ciclos agrícolas, etc. As aldeas de turismo rural (ver glosario) poderían ser excelentes centros de experimentación para a posta en marcha destas actividades interrelacionados.

É preciso sinalar que, nesta concepción, o turismo enténdese como unha experiencia vital de alta intensidade, na cal a artesanía desempeña un papel primordial nun camiño de excelencia e prestixio. Trátase, por tanto, da aposta por un turismo de calidade que se contrapón ao modelo do turismo masificado, e no que o turista busca experiencias novas afastadas da realidade urbana, articuladas en torno ás nocións de autenticidade, tradición, natureza, cultura. Este tipo de turista é consumidor potencial de artesanía. Ou dito doutra forma, a artesanía e o turismo de calidade (cultural, rural) diríxense a satisfacer un mesmo tipo de necesidade.

En definitiva, estes tres vectores (artesanía, turismo rural, enerxías renovables), combinados de maneira axeitada, poderían ser instrumentos esenciais para un desenvolvemento rural sostible. Por iso, o potencial que presenta o sector da artesanía é aínda moi elevado. A evolución dos últimos anos apoia esta conclusión, tanto no contexto español como no galego.

A importancia da artesanía como eixe do desenvolvemento rural pode verse con claridade en determinadas comarcas que fixeron desta actividade un signo de identidade distintivo e un elemento promocional de cara ao exterior. Como casos paradigmáticos podemos citar a olería de Buño ou o encaixe de Camariñas. Ambas localidades fixeron da recuperación, modernización e potenciación de ditas actividades artesanais un elemento clave de desenvolvemento socioeconómico. Ao tempo, estas convertéronse nun aspecto esencial de atracción turística, dando proxección non só estatal, senón mesmo internacional a ambos territorios.

A continuación examínense as cifras relativas á evolución do número de obradoiros rexistrados en España entre 2001 e 2003 (último ano con datos dispoñibles para o conxunto do estado), por Comunidade Autónoma, para enmarcar axeitadamente o lugar que ocupa Galicia. Dentro do contexto galego, observarase a evolución do número de obradoiros dentro de cada unha das distintas categorías de actividades artesanais, comparando datos do 2002 e 2005 procedentes do Directorio de obradoiros. Para unha análise da evolución do número total de obradoiros, véxase o apartado 5.2.1.2. É preciso sinalar que a inscrición nestes rexistros ten un carácter voluntario para o artesán e que, ademais, son relativamente recentes no tempo (en Galicia, por exemplo, o rexistro creouse no 1992).

Segundo datos da Fundación Española para a Innovación da Artesanía, no ano 2003 había en España 16.376 obradoiros artesanais, o que supón un incremento de case o 5% con relación ao 2001.

Como se pode observar no seguinte cadro, Andalucía é a Comunidade Autónoma cun maior número de obradoiros, co 15,4% do total, seguida de Cataluña e Madrid, co 13,7% e o 13,6%, respectivamente. Con case o 10% do total figuran Castela e León e Castela - A Mancha. Esta última Comunidade, ademais, experimentou un incremento de case o 12% entre ambos anos, o segundo aumento porcentual máis importante.

Merece ser destacado o incremento rexistrado en Galicia, o máis alto de España: o número de obradoiros aumentou nun 29%. O seu peso no conxunto do estado tamén aumentou sensiblemente, pasando de concentrar algo máis do 6% dos obradoiros no 2001 ao 7,5% no 2003.

Cadro 1: Evolución na distribución de obradoiros rexistrados por Comunidade Autónoma, España, 2001-2003 (%)

	2001	2003	Var. 2001-2003
Andalucía	16,71	15,35	-3,64
Cataluña	12,84	13,70	11,93
Madrid (Comunidad de)	14,14	13,62	1,00
Castela e León	10,51	9,97	-0,55
Castela A Mancha	8,63	9,83	19,44
Comunidade Valenciana	8,14	8,03	3,46
Galicia	6,10	7,51	29,20
Aragón	3,96	3,62	-4,36
Estremadura	3,71	3,40	-3,97
País Vasco	3,17	3,08	2,02
Baleares, Illas	2,71	2,81	8,75
Murcia (Rexión de)	2,77	2,66	0,46
Asturias (Principado de)	2,23	2,11	-0,86
Canarias, Illas	1,36	1,47	12,68
Navarra (Com. Foral de)	1,45	1,37	-0,44
Cantabria	1,04	1,01	1,85
A Rioxa	0,52	0,48	-2,47
Total	100,00	100,00	4,89

Fonte: Fundación Española para a Innovación da Artesanía

En canto ás actividades artesanais, tal e como se poden observar no seguinte cadro, os dous primeiros lugares son ocupados, con grande diferenza, polos mobles de madeira e a cerámica, co 18,8% e o 17,5% do total de obradoiros, respectivamente. En termos porcentuais, o maior incremento corresponde aos obradoiros do téxtil, cun aumento de case o 15%. A pel e o coiro, cun avance do 10,5%, a cerámica (8,8%) e a xoiería (8,4%) son as outras actividades nas que o crecemento no número de obradoiros foi maior. O conxunto dos obradoiros, por outra parte, rexistrou un incremento de case o 5%.

Cadro 2: Evolución do número de obradoiros rexistrados por actividade artesanal, España, 2001-2003

	2001		2003		Var. 2001-2003 (%)
	nº	%	nº	%	
Mobles de madeira	3.112	19,93	3.085	18,84	-0,87
Cerámica	2.638	16,90	2.869	17,52	8,76
Obxectos de madeira	1.524	9,76	1.589	9,70	4,27
Pel e coiro	1.425	9,13	1.574	9,61	10,46
Xoiería	1.447	9,27	1.568	9,57	8,36
Metal	1.458	9,34	1.465	8,95	0,48
Téxtil	1.014	6,50	1.163	7,10	14,69
Mármore, pedra e escaiola	667	4,27	652	3,98	-2,25
Vidro	415	2,66	429	2,62	3,37
Fibras vexetais	399	2,56	392	2,39	-1,75
Instrumentos musicais	257	1,65	275	1,68	7,00
Varios	1.256	8,05	1.315	8,03	4,70
Total	15.612	100,00	16.376	100,00	4,89

Fonte: Fundación Española para a Innovación da Artesanía

Os datos da Fundación Española para a Innovación da Artesanía para Galicia ofrecidos neste apartado son diferentes dos que poderás ver no resto da Guía, que son recollidos de fontes procedentes da Xunta de Galicia. Desta forma os datos que vemos aquí non se corresponden en ningún caso cos datos utilizados para analizar o sector en Galicia, como resultado das diferenzas de criterio entre a Fundación Española para a Innovación da Artesanía e o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

No que se refire máis especificamente ao contexto galego, no seguinte Cadro preséntanse os datos relativos ao número de obradoiros existentes en Galicia en cada unha das 13 categorías de actividade, tanto no 2002 como no 2005, segundo o Directorio de Obradoiros Artesanais. Dito directorio é elaborado pola Sociedade para o desenvolvemento comarcal de Galicia con datos procedentes do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, o cal depende da Consellería de Innovación e Industria, e ata a data confeccionouse cunha periodicidade anual (e mesmo dúas veces ao ano nalgunha ocasión).

A contabilización do número de obradoiros exclúe as industrias de produtos alimenticios e bebidas, a pesar de estaren incluídas no Anexo IV do Decreto 218/2001, xa que o citado Directorio de obradoiros artesanais exclúe as actividades pertencentes a este subsector.

As cifras relativas ao número de obradoiros existentes no 2005 en cada unha das actividades artesanais que compoñen cada categoría, por provincia, poden consultarse no Cadro 0400.1 no apartado 8.1. O listado con todas as actividades artesanais que compoñen cada categoría pode ser examinado no Cadro 0200.1 do citado apartado.

Como se pode observar, os metais constitúen a principal categoría. Ademais, avanzou significativamente entre 2002 e 2005, experimentando un incremento do 36%. Neste último anos, había rexistrados 98 obradoiros, isto é, case 1 de cada 5. O importante número de xoierías (47 en 2005) explica en boa medida a posición predominante desta actividade.

A segunda categoría máis importante corresponde aos produtos minerais non metálicos. O número de obradoiros creceu en case un 15%, estando rexistrados 78 no 2005. O seu peso en relación co total de obradoiros mantense practicamente inalterado entre 2002 e 2005, situándose en torno ao 16% do total.

A madeira é a terceira categoría en importancia. No 2005 había rexistrados un total de 73 obradoiros, o que supoñía case o 15% do total e un incremento con relación ao 2002 de case o 38%. Trátase, pois, dun aumento moi superior á media do sector, que entre 2002 e 2005 situouse no 15,4%.

O resto de categorías teñen un peso inferior ao 10%, se ben hai que destacar a positiva evolución de case todas elas, con significativos incrementos no número de obradoiros existentes.

Cadro 3: Evolución do número de obradoiros rexistrados en cada categoría de actividade e porcentaxe respecto ao total, Galicia, 2002 (outubro) - 2005 (xullo)

	2002		2005		Var. 2002-2005 (%)
	nº	%	nº	%	
Metais	72	16,82	98	19,84	36,11
Produtos minerais non metálicos	68	15,89	78	15,79	14,71
Madeira	53	12,38	73	14,78	37,74
Téxtil	34	7,94	47	9,51	38,24
Pedra	21	4,91	30	6,07	42,86
Vidro	20	4,67	28	5,67	40,00
Artes gráficas	14	3,27	22	4,45	57,14
Coiro	16	3,74	20	4,05	25,00
Instrumentos musicais	17	3,97	19	3,85	11,76
Vestido	7	1,64	8	1,62	14,29
Calzado	3	0,70	7	1,42	133,33
Papel e cartón	4	0,93	6	1,21	50,00
Varios	99	23,13	58	11,74	-41,41
Total obradoiros	428	100,00	494	100,00	15,42

Fonte: Sociedade para o desenvolvemento comarcal de Galicia. Directorio de obradoiros

5. MERCADO

5.1. Análise da demanda

A lectura deste capítulo permitirache coñecer:

- > O TEU MERCADO, A SÚA ESTRUCTURA E A SÚA EVOLUCIÓN.
- > UN MÉTODO PARA QUE POIDAS ESTIMAR O TAMAÑO DO MERCADO NA TÚA ÁREA DE INFLUENCIA E A PARTE DESE MERCADO QUE VAS PODER CAPTAR.
- > OS TIPOS DE CLIENTES QUE INTEGRAN O TEU MERCADO, E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS MÁIS IMPORTANTES.

A análise da demanda permitirache deducir as seguintes conclusións:

- A **produción bruta anual estimada do sector da artesanía en Galicia é de 60 millóns de euros, aproximadamente. Non obstante, hai que poñer de manifesto a existencia dunha porcentaxe de mercado non contabilizado que se desenvolve en condicións irregulares (se ben a súa importancia é moi diferente en función do subsector do que se trate).**
- **Os consumidores valoran principalmente as características intrínsecas aos produtos artesanais: o propio proceso de creación das pezas, a calidade das mesmas ou o seu carácter único.**
- **Os perfís dos clientes varían moito en función do subsector do que se trate. Así por exemplo, no caso da artesanía contemporánea, o perfil do cliente correspóndese co de unha muller de mediana idade cun nivel sociocultural e socioeconómico medio-alto.**
- **As canles de comercialización máis utilizadas son os directos, se ben isto pode variar significativamente en función da actividade e o oficio concretos do que se trate. De forma xenérica, a produción a partir de encargos e a asistencia a feiras son dos medios fundamentais de venda. A comercialización en tenda propia é unha opción menos empregada.**

5.1.1. Tamaño do mercado

Cal é o tamaño do mercado da artesanía en Galicia?


Como podo determinar o meu tamaño de mercado?

A Consellería de Innovación e Industria estima que a produción bruta anual do sector da artesanía sitúase preto dos 60 millóns de euros.

Como xa se indicou anteriormente, o mercado artesanal está composto por obradoiros e artesáns. Os primeiros, que representan o segmento realmente profesionalizado, supoñen aproximadamente o 70% da produción bruta do sector, o que equivale a 42 millóns de euros. Debido á importancia deste conxunto de unidades produtivas, as análises posteriores centraranse neste grupo.

Para estimar a facturación que corresponde a cada provincia, suporase que o volume é proporcional ao número de obradoiros que se sitúa en cada unha delas, e que se recolle no apartado 5.2.1.1. Baixo esta hipótese, a facturación agregada dos obradoiros das distintas provincias galegas quedaría resumida no seguinte cadro.

Cadro 4: Distribución territorial aproximada da facturación dos obradoiros (en miles de euros), Galicia, 2006



Fonte: Consellería de Innovación e Industria (elaboración propia)

Co fin de determinar o tamaño do mercado da actividade artesanal que elixas deberás realizar unha prospección comercial, mediante enquisas (sexan persoais ou telefónicas) ou entrevistas e contactos máis informais. Para iso, recomendámosche que leves a cabo as seguintes tarefas:

- Visitar posibles distribuidores e axentes relacionados coa actividade artesanal na que te vaias establecer para coñecer aproximadamente o número/importe das operacións que median, comisións, condicións de entrega da mercadoría, zona xeográfica cuberta, etc.
- Identificar establecementos que comercializan produtos artesanais iguais ou similares aos que ti fabricas (tendas de artesanía, tendas especializadas, tendas de agasallos, etc.). Estas visitas permitiránche comprobar in situ a variedade de produtos que comercializan, o proceso de venda, os prezos máis habituais, etc.

Así mesmo, a través das entrevistas poderás saber con que artesáns traballan, que criterios seguen para a selección dun provedor, os usos comerciais, os motivos de insatisfacción cos seus actuais provedores, o perfil da clientela, etc.

- Identificar organizacións compradoras de artesanía (empresas, institucións, etc.) co fin de coñecer o procedemento de selección dos artesáns, as motivacións de compra, etc.
- Identificar a outros artesáns que poidan ser a túa competencia e visítalos. Podes finxir ser un posible cliente, para así indagar a carteira de produtos dos que dispoñen, as formas de presentación do produto, os servizos adicionais que ofrecen, etc. Se se trata de artesáns que non son competencia directa, é posible que acepten entrevistarse contigo.
- Entrevistarse con outras persoas relacionadas coa actividade, como técnicos de emprego do teu concello, da fundación para o desenvolvemento da túa comarca, asociacións de artesáns, etc., que che poderán proporcionar información útil sobre diferentes aspectos relacionados co negocio (axudas, dificultades para a posta en marcha, iniciativas, etc.).

Como resultado das visitas obterás un tamaño aproximado do mercado na túa zona, que tipo de produtos se están demandando, onde se está concentrando esta demanda e que obradoiros son os teus competidores. Ao contrastar dita información co número de produtos que necesitas vender para cubrir gastos (punto morto), poderás avaliar con maior confianza a probabilidade de realizar estas vendas.

Debes saber que a artesanía conforma un mercado non saturado, no que o éxito depende case exclusivamente da capacidade de comercialización dos produtos.

5.1.2. Hábitos de compra

Cales son os hábitos de compra dos consumidores de produtos de artesanía?

Cales son os aspectos máis valorados pola clientela?

Cal é o perfil dos consumidores de artesanía?

Os aspectos máis valorados polos clientes á hora de adquirir produtos artesanais teñen que ver coas características intrínsecas das pezas e do seu proceso de produción, como se pode observar no seguinte cadro:

Cadro 5: Aspectos máis valorados polo cliente á hora de comprar produtos artesanais, segundo os artesáns (multirresposta)

Motivacións de compra	%
Proceso creativo/productivo artesanal	63,6
Deseño	45,5
Calidade	36,4
Pezas únicas	27,3
Elementos etnográficos e culturais (tipicidade galega...)	18,2
Prezo	18,2

Fonte: Elaboración propia a partir de entrevistas

Así pois, segundo os artesáns, os aspectos que máis valoran os clientes son aqueles relacionados co propio proceso de creación e produción das pezas artesanais, en contraposición ao proceso produtivo industrial e masificado.

O deseño, a calidade e o feito de adquirir pezas únicas son os outros aspectos máis sinalados polos artesáns.

Por outra parte, a identificación dun perfil-tipo de cliente de artesanía é moi complexa debido á enorme heteroxeneidade de actividades artesanais existentes. Non obstante, de maneira xenérica é posible sinalar un perfil que se correspondería coas seguintes características sociodemográficas, sobre todo en relación coa artesanía contemporánea:

- **Muller**
- **Principalmente de 36 a 45 anos**
- **De nivel socioeconómico e cultural medio e alto**

O perfil da clientela da artesanía de corte máis tradicional e rural presenta unha grande diversidade. Hai que distinguir entre aqueles clientes que adquiren as pezas pola súa funcionalidade (cuxo peso é cada vez menos importante) e aqueles que dan importancia sobre todo ao valor etnográfico e patrimonial dos produtos. Dentro deste segundo tipo hai que destacar ao turista, quen buscaría na artesanía tradicional a plasmación de elementos tipicamente galegos.

5.1.3. Canles de comercialización

A fórmula principal de comercialización para as empresas artesás é a venda directa, nas súas diferentes modalidades. As canles máis utilizadas polos empresarios do sector son aquelas sobre as que teñen intervención directa, sen que medien representantes, comerciais ou outras entidades.

Entre as distintas canles de venda directa, o que maior porcentaxe aglutina é o dos encargos, xa que se estima que constitúe máis da metade do total das vendas – tanto directas como indirectas- de produtos artesáns elaborados. Outros medios de comercialización cun importante calado entre os artesáns son a venda en feiras e, en menor medida, a través dunha tenda propia habitualmente anexa ao obradoiro.

En canto á venda indirecta de produtos, dita modalidade é minoritaria en relación co total de vendas e lévase a cabo fundamentalmente a través de comerciantes polo miúdo. Outras canles, como a venda mediante fórmulas agrupadas ou Internet, son pouco utilizados, a pesar das vantaxes que poderían supor.

Ademais, hai que sinalar que as empresas do sector utilizan pouco as ferramentas comerciais, se ben o seu uso é directamente proporcional ao tamaño da empresa: son aquelas que teñen máis empregados as que despregan unha maior serie de mecanismos de comercialización, difusión e publicidade dos seus produtos.

En canto á realización de actividades publicitarias activas, pódese afirmar que a inmensa maioría dos obradoiros non leva a cabo ningunha. Máis frecuentes resultan medidas promocionais tales como a inclusión en guías ou catálogos sectoriais, a elaboración de folletos, a asistencia a feiras e mercados, ou a sinatura do autor das súas obras.

En relación con este aspecto, os artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia pódense beneficiar do uso da marca distintiva “Artesanía de Galicia”, o que contribúe á diferenciación do produto en termos de calidade e identidade propia. Ademais, isto permitiralles ser incluídos no Directorio de Obradoiros artesáns de Galicia que edita a Consellería de Innovación e Industria e realiza, actualmente, a Sociedade para o desenvolvemento comarcal de Galicia.

5.2. Análise competitiva

A lectura deste capítulo permitirache coñecer:

> AS FORZAS BÁSICAS QUE DETERMINAN O GRAO DE COMPETENCIA DENTRO E FÓRA DA ACTIVIDADE.

> COMO SON AS EMPRESAS, A SÚA ESTRUTURA XURÍDICA E LABORAL, ASÍ COMO A SÚA DIMENSIÓN.

A lectura deste epígrafe permitirache chegar ás seguintes conclusións:

- Os obradoiros seguen unha pauta de concentración por provincia proporcional, en boa medida, aos respectivos pesos demográficos.
- O número de obradoiros rexistrados en Galicia nos últimos anos tivo unha evolución moi positiva: entre 1994 e 2006 multiplicouse por máis de 5.
- A forma xurídica predominante é a de autónomos.
- A grande maioría dos obradoiros galegos son microempresas: algo máis do 80% teñen entre 0 e 2 asalariados.
- En Galicia traballan no sector da artesanía, tanto a tempo parcial como parcial, en torno a 8.000 persoas.

5.2.1. Análise da oferta

Cantas empresas hai e onde están situadas?

Resulta atractiva a actividade dos obradoiros artesáns para decidirse a crear unha empresa destas características?


Que personalidade xurídica debe adoptar a miña empresa?

Que cifras de facturación e emprego se están a conseguir?

5.2.1.1. Número de empresas e a súa distribución territorial

A distribución por provincias dos obradoiros de artesanía galegos aparece reflectida no seguinte cadro, segundo datos extraídos do Rexistro Xeral de Artesanía, que inclúen todas as actividades recollidas no capítulo 2, ademais da industria de produtos alimenticios e bebidas (véxase o Anexo IV do Decreto 218/2001).

Cadro 6: Distribución territorial dos obradoiros de artesanía, Galicia, 2007(%)



Fonte: Consellería de Innovación e Industria. Rexistro Xeral de Artesanía

Como se pode apreciar, en termos xerais a concentración dos obradoiros é similar á poboacional. Habería que destacar o maior peso proporcional de Lugo, que con case o 13% da poboación galega concentra o 19,60% dos obradoiros. Hai que sinalar tamén o caso contrario que representaría Pontevedra, provincia que, con máis dun terzo da poboación total supón o 26,46% dos obradoiros artesanais. En todo caso, nin en Lugo nin en Pontevedra as diferenzas entre os pesos demográficos e as concentracións dos obradoiros serían excesivamente significativas.

Máis alá da distribución provincial dos obradoiros, é preciso destacar a importancia da concentración de determinadas actividades artesanais nalgúns lugares. Como casos paradigmáticos hai que destacar o encaixe de Camariñas e a olería de Buño.


Así, en Camariñas e a súa área de influencia (Muxía, Vimianzo) sitúanse 13 dos 22 obradoiros dedicados á actividade artesanal do encaixe, é dicir, máis da metade. Isto supón, á súa vez, case o 60% de todos os obradoiros dedicados a algunha das actividades do téxtil.

Pola súa parte, en Buño e o seu contorno concéntranse máis da metade dos obradoiros de olería (13 dos 24 rexistrados), o que supón un de cada seis obradoiros dedicadas aos produtos minerais non metálicos.

5.2.1.2. Evolución na creación de empresas

A creación de obradoiros tivo unha evolución positiva ao longo da última década. No seguinte cadro preséntanse datos do número de obradoiros rexistrados existentes entre 1994 e 2007 (cada dous anos para facilitar a visualización da tendencia xeral).

Cadro 7: Evolución no número de obradoiros rexistrados, Galicia, 1994-2007 (unidades,%)



Fonte: Consellería de Innovación e Industria. Rexistro Xeral de Artesanía


Como se pode observar, o número de obradoiros rexistrados existentes en Galicia mantivo unha evolución moi favorable, pasando de 100 no ano 2004 a 556 no 2007. É preciso ter en conta que este rexistro existe desde 1992 e que moitos dos obradoiros que se rexistraron no longo da década xa existían no ano 1990, polo que os elevados incrementos porcentuais iniciais teñen máis que ver co rexistro dunha actividade existente que coa creación dun obradoiro.

5.2.1.3. Condición xurídica

A forma xurídica adoptada polas empresas está directamente relacionada co número de persoas que constitúen as diferentes unidades produtivas. No caso español, e especialmente no galego, os obradoiros son microempresas. Se ben non hai datos oficiais ao respecto, os expertos consultados sinalan que é moi habitual que o emprendedor sexa o único artesán que traballa no obradoiro, en ocasións acompañado por un familiar directo, que nun bo número de casos traballaría nun emprego non declarado.

No seguinte cadro preséntase a condición xurídica dos obradoiros galegos. Os datos corresponden a unha explotación estatística do Directorio de obradoiros.

Cadro 8: Condición xurídica dos obradoiros, Galicia, 2006 (%)



Fonte: Directorio de obradoiros. Elaboración propia

Como se pode observar, case 8 de cada 10 obradoiros adquiren a forma xurídica de autónomo. A grande distancia sitúanse os que se constitúen como Sociedades Limitadas, con case o 14% do total.

Estímase, non obstante, que unha pequena parte dos obradoiros carece de condición xurídica, ao no estar regularizados. Segundo diversos estudos realizados, en torno á quinta parte dos obradoiros poderían encontrarse en dita situación. Non obstante, este feito afecta máis a uns subsectores que a outros. Así por exemplo, no caso das palilleiras o emprego non declarado supón unha parte moi importante

do total, mentres que noutras actividades a presenza da economía somerxida é insignificante.

No caso de que adoptes a forma xurídica de Autónomo, a personalidade xurídica da empresa será a mesma que a do titular, polo que terás que responder de todas as obrigas que contraia a empresa. Esta forma de funcionamento é idónea para as empresas de pequeno tamaño.


Podes atopar información sobre os trámites necesarios para a constitución da túa empresa, as formas xurídicas que podes adoptar e as obrigas que terás como empresario nas MEMOFichas editadas por BIC Galicia (www.bicgalicia.es).

5.2.1.4. Emprego

Segundo datos da Xunta de Galicia, na nosa Comunidade Autónoma exercen algún tipo de actividade artesanal, tanto a tempo completo como parcial, arredor de 8.000 persoas (Xunta de Galicia: 2004, 114).

A distribución dos obradoiros en función do número de empregados pódese observar no seguinte cadro.

Cadro 9: Distribución de obradoiros de artesanía segundo o número de empregados, Galicia, 2006 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de entrevistas

Como xa se veu comentando, e queda reflectido novamente neste cadro, unha das principais características dos obradoiros galegos é a súa reducida dimensión. Como se pode observar, algo máis da metade non teñen ningún asalariado, é dicir, é o propio artesán o que se encarga da produción do obradoiro. Ademais, case un 30% teñen 1 ou 2 asalariados. En conxunto, pois, algo máis do 80% dos obradoiros de artesanía galegos son microobradoiros que, ou ben non teñen asalariados, ou ben teñen menos de 3.

É preciso ter en conta, ademais, a existencia dun importante número de artesáns que desenvolven a súa actividade dunha forma totalmente individual (isto é, sen dar lugar á creación dun obradoiro), e que, nalgúns casos, desenvolven un traballo non declarado.

Porén, é posible identificar algunhas actividades, como a xoiería ou a cerámica, nas que é habitual que existan unidades de produción maiores á media.

En todo caso, a propia lei de artesanía condiciona o tamaño dos obradoiros, xa que establece un límite de 10 traballadores non familiares empregados na explotación, sen contar aprendices alumnos (se ben, excepcionalmente, a Comisión Galega de Artesanía poderá declarar obradoiro artesanal a aquel, que aínda superando o número anterior, cumpra os requisitos para tal fin previstos).

5.3. Situación actual e previsións para o futuro

A lectura deste capítulo permitirache coñecer:

- > OS PRINCIPAIS OBSTÁCULOS AO DESENVOLVEMENTO DO MERCADO.
- > AS OPORTUNIDADES QUE SE PRESENTAN PARA POTENCIAR O MERCADO.
- > AS CAPACIDADES E RECURSOS QUE CONSTITÚEN AS PRINCIPAIS VANTAXES COMPETITIVAS DO SECTOR ARTESANAL.
- > OS ASPECTOS INTERNOS DAS EMPRESAS QUE LIMITAN, REDUCEN OU FREAN O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS CAPACIDADES.

A Análise DAFO é unha ferramenta analítica que che permite coñecer o contorno do mercado actual e previsións futuras da evolución dun negocio. A través do DAFO obtemos unha visión interna e externa da nosa actividade respecto ao mercado no que imos operar. Ademais facilita a toma de decisións futuras de carácter estratéxico.

Baséase en catro puntos fundamentais: no nivel externo á empresa, é dicir, o contorno socioeconómico no que opera, analízanse as posibilidades futuras da empresa (Oportunidades) e hándicaps actuais e futuros (Amezas).

Por outro lado, no nivel interno da empresa existen vantaxes competitivas (Fortalezas) e carencias esenciais (Debilidades).

Se pensaches en crear un obradoiro debes ter presente o seguinte cadro co fin de aumentar ou manter os puntos fortes, permanecer atento ás oportunidades de negocio que se che ofrecen e eliminar ou mellorar os puntos febles para afrontar as ameazas que o mercado che presente.

AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<p>Competencia industrial xeneralizada en todas as actividades artesanais.</p> <p>Falta de clarificación no que é artesanía e o que non.</p> <p>Emprego non declarado.</p> <p>Desaparición dalgúns oficios artesáns.</p>	<p>Revalorización social dos produtos artesanais (crecente importancia do “consumidor crítico”).</p> <p>Programas de apoio á artesanía por parte das institucións públicas.</p> <p>Coordinación (incipiente) da actividade turística (sobre todo rural) co sector artesanal.</p>
PUNTOS FORTES	PUNTOS FEBLES
<p>Grande coñecemento das técnicas e deseños tradicionais.</p> <p>Existencia dunha ampla gama de produtos de calidade.</p> <p>Identidade propia da artesanía galega.</p>	<p>Competitividade dos produtos artesanais no mercado.</p> <p>Baixa capacidade de produción.</p> <p>Insuficiente asociacionismo, debido en parte ao individualismo típico das microempresas artesanais.</p> <p>Avanzada idade dos produtores.</p> <p>Escaseza de cualificación e falta de formación en xeral.</p> <p>Escasa formación en xestión empresarial.</p> <p>Excesiva rixidez da oferta.</p> <p>Canles de distribución pouco desenvolvidas.</p> <p>Uso de ferramentas de promoción básicas.</p>

A ameaza principal da artesanía reside na competencia dos produtos industriais existentes no mercado que, polas súas características estéticas, funcionais e de calidade/prezo limitan a demanda potencial dos produtos artesáns. Ademais, o descoñecemento por parte dun grande segmento dos consumidores do proceso de elaboración, así como as características de calidade e produción de pezas únicas que definen o produto artesán favorecen o consumo do produto industrial de

aparencia artesanal. Neste sentido, entre os artesáns entrevistados está xeneralizada a idea de que é necesaria, desde a Administración, un labor de educación ao cliente co fin de desmitificar a imaxe de produto caro que ten o produto artesanal. Desta forma, os labores de comunicación deberían resaltar os valores diferenciados e singulares das pezas artesanais, o grao de personalización que ofrecen fronte aos producidos en serie e con características universais e repetitivas, facilitando a identificación do produto artesanal fronte ao industrial.

Xunto á produción industrial, outra ameaza que debe ser tida en conta alude ao emprego non declarado que existe neste sector. Este feito pode afectar non só á rendibilidade económica do sector, senón tamén á súa imaxe. Non obstante, esta ameaza podería constituír en realidade unha oportunidade, xa que o traballo non declarado pode acabar converténdose en traballo normalizado se o artesán percibe que pode tratarse dunha actividade rendible economicamente.

Unha última ameaza, reside na desaparición dalgúns oficios e na elevada idade dos artesáns. Estímase que preto do 60% dos artesáns galegos superan os 40 anos, o que pode supor un importante problema de recambio xeracional e coa perda de certos oficios. Este feito podería ser unha ameaza máis polo prexuízo patrimonial e etnográfico que levaría que polo quebranto económico que puidera provocar ao sector. En efecto, desde este último punto de vista, a desaparición de certos oficios anacrónicos e obsoletos, xunto coa capacidade de adaptación ás cambiantes demandas do mercado, serían máis ben fortalezas do sector.

Entre as oportunidades destaca, en primeiro lugar, a recuperación do valor social do artesanal, como un elemento do patrimonio cultural. Os produtos artesanais concentran valores en alza na sociedade actual: autenticidade, materiais naturais e autóctonos, raíces e cultura popular, personalización... Este maior coñecemento e valoración dos produtos artesanais, asociado á crecente importancia do “consumidor crítico” e exigente, provoca unha tendencia á alza na demanda.

Outra oportunidade é o apoio institucional que está recibindo o sector da artesanía, xa que se contempla como unha alternativa de desenvolvemento do mundo rural e un posible xacemento de emprego a medio prazo. En Galicia, como consecuencia da aposta por estas medidas de apoio e fomento da artesanía, e do mandato establecido na Lei 1/1992, creouse a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, órgano reitor do Centro Galego da Artesanía e do Deseño. O seu obxectivo é a preservación dos oficios tradicionais e populares, así como a promoción da formación e especialización dos artesáns a través de programas especializados, se ben, trátase aínda dunha entidade en fase de consolidación.

Dentro das medidas de apoio da administración, hai que destacar tamén os diversos planos públicos, tanto específicos como de carácter xeral. Deste modo o Plan Galicia para o período 2003-2006 inclúe o apoio ao investimento en actividades de artesanía. A modo de exemplo, como accións específicas pódese citar o Plan Director do Encaixe, que define un programa para os encaixes de palillos dentro da área xeográfica da Costa da Morte.

O desenvolvemento de determinadas modalidades da oferta turística, tales como o turismo cultural ou o turismo rural, constitúen unha boa oportunidade para a produción artesá (e viceversa). A potenciación deste tipo de turismo favorece a súa popularización, á vez que permite unha maior afluencia de clientes potenciais para os produtos da artesanía. Así pois, a artesanía podería constituírse nun importante servizo engadido que se ofrecera desde o turismo rural, xunto coa gastronomía, os recursos naturais e paisaxísticos, as rutas de sendeirismo...

O alto coñecemento das técnicas e deseños tradicionais sería o punto forte do sector, posto que outorga valor engadido ao produto fronte a obxectos realizados por outros procedementos. A creación de pezas únicas e diferenciadas relaciónase cun sentimento de realizar creacións de autor.

Por outra parte, a grande variedade de produtos artesanais, con distintas funcionalidades e destinados a diferentes segmentos, explica a existencia dunha ampla gama de produtos nos que o artesán pode centrar a súa actividade. Así, é posible incorporar novas aplicacións á carteira de produtos, dedicarse á recuperación ou transformación de obxectos e mesmo á creación de coleccións cun carácter máis innovador.

Por último, hai que destacar a boa percepción e acollida dos produtos artesanais galegos. Este feito veuse reforzado coa creación, no 2001, da marca "Artesanía de Galicia" e a súa correspondente imaxe corporativa.

Polo que se refire aos puntos febles do sector, podemos citar en primeiro lugar, a posible falta de competitividade dos produtos artesanais no mercado. Neste sentido, é preciso mencionar que non existen dous mercados, un para produtos industriais e outro para artesanais, senón que todos compiten entre si. Un dos principais problemas aos que se enfronta o artesán é a creación de pezas competitivas.

En segundo lugar, débese mencionar a limitada capacidade produtiva das actividades artesanais. Este factor está estreitamente relacionado co predominio dos pequenos obradoiros.

Outro punto feble está relacionado co escaso soporte técnico co que contaría un emprendedor que quixera poñer en marcha un negocio no sector da artesanía. A escaseza de organismos intermedios que asesoren e apoiem o emprendedor ao longo do proceso de posta en marcha e inicio da actividade pode provocar unha situación de certo desamparo. É preciso, por tanto, loitar contra o natural individualismo das microempresas artesanais, propoñendo, desde as institucións e organismos intermedios, estratexias de actuación concertadas. Non obstante, se se detecta un crecente asociacionismo que podería paliar, polo menos en parte, esta debilidade.

Como xa se comentou anteriormente, a elevada idade media dos artesáns e a escasa valoración do oficio artesán polas novas xeracións supón que, en moitas das actividades artesanais, sexa difícil un recambio xeracional, o que pode provocar a medio prazo a desaparición de determinados oficios. Ademais, o descoñecemento ou o insuficiente dominio das ferramentas comerciais e de xestión, a falta de formación en técnicas de marketing, así como a escasa innovación tecnolóxica, son factores que afectan directamente ao grao de competitividade das unidades produtivas. Os artesáns presentan carencias en formación empresarial que limitan a súa capacidade para a mellora das diferentes áreas de negocio (desenvolvemento de estratexias comerciais, fixación de prezos, adaptación ás novas tecnoloxías, etc.). Como resultado do anterior, atopámonos cun uso deficiente de ferramentas promocionais, xa que moitos artesáns descoñecen cales son as opcións comerciais máis eficaces para darse a coñecer.

A rixidez do sector artesanal é outro punto feble que merece ser sinalado. Sería preciso que os artesáns souberan acomodar con maior rapidez os cambios nos hábitos dos consumidores, os cales están influídos enormemente polas continuas transformacións sociais características do actual período histórico.

O último punto feble está relacionado coa escasa explotación das canles de distribución. A opción adoptada pola maioría dos profesionais é a venda directa, normalmente sobre a base de pedidos ou encargos, sendo pouco ou nada significativas as vendas a través de Internet, de catálogos, de sistemas colectivos de distribución, dunha rede de tendas propias, ou a partir de acordos con empresas de loxística para incorporar novas técnicas de distribución, xestión de stocks, almacenaxe...

6. RECOMENDACIÓNS

A lectura deste capítulo permitirache coñecer:

> AS CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DUN OBRADOIRO ARTESÁN EN RELACIÓN CO MARKETING E OS RECURSOS HUMANOS.

> UNHA SERIE DE RECOMENDACIÓNS QUE SERÁN MOI ÚTILES PARA DESENVOLVER CON ÉXITO UNHA INICIATIVA DENTRO DO SECTOR DA ARTESANÍA.

> UNHA RELACIÓN DE ACTIVIDADES ARTESANAIS IDENTIFICADAS COMO OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN GALICIA, EN BASE Á ANÁLISE DA EVOLUCIÓN QUE DESCRIBIU O SECTOR NOUTRAS ECONOMÍAS CUN ELEVADO NIVEL DE DESENVOLVEMENTO ARTESANAL.

6.1. Marketing

A lectura deste capítulo permitirache coñecer:

> **AS CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS PRODUTOS ARTESANAIS.**

> **A POLÍTICA DE PREZOS MÁIS HABITUAL NO SECTOR.**

> **OS SISTEMAS DE COMERCIALIZACIÓN MÁIS HABITUAIS.**

> **AS PRINCIPAIS ACCIÓNS PROMOCIONAIS UTILIZADAS POLOS OBRADOIROS.**

6.1.1. Produto

A elección dos produtos que vas ofrecer constitúe unha decisión estratéxica xa que, en función de cales seleccións, poderás diferenciarte da competencia e/ou dirixirte a un público obxectivo específico.

Debido á enorme heteroxeneidade dos produtos artesanais que se poden comercializar, a continuación estableceranse as características xerais comúns a todos eles.

De modo xeral, os produtos artesanais están suxeitos a un proceso de adaptación continua ás cambiantes demandas e necesidades do mercado (moda, hábitos de consumo, incremento do nivel cultural e do poder adquisitivo, estilo de vida, consolidación dos “consumidores críticos”, etc.). Isto tradúcese en cambios desde o punto de vista estético, (coa incorporación e desaparición de diversas formas figurativas) así como no que á súa funcionalidade e finalidade se refire, co fin de adaptarse axeitadamente aos cambios na demanda.

Non obstante, nalgúns casos aínda se observa certa inadecuación do produto ás tendencias da demanda, debido á fabricación de obxectos que actualmente carecen de uso, xa que desapareceron ou se transformaron as necesidades que xustificaban a súa produción. De modo xenérico, todos os produtos da artesanía tradicional enfróntanse a esta ameaza, se ben algúns de maneira especialmente acusada (por exemplo, os produtores de zocos e zocas, os afiadores, etc.).

Existe un predominio da función decorativa e de agasallo na maior parte dos oficios, pero a función utilitaria (tecidos, carpintería, olería, encadernación, instrumentos, cestería, etc.) e a etnográfica (traxes tradicionais, calzado, instrumentos, etc.) tamén caracteriza a algunha das actividades.

Á hora de xestionar a carteira de produtos convén que trates de estandarizar a produción na medida do posible, sen renunciar por iso á autenticidade do proceso artesanal. Isto conséguese a través da especialización nun determinado tipo de elemento ou da redución do número de deseños por elemento. A través da especialización, e con independencia de que marxinalmente poidas realizar outras pezas como complemento das vendas, pódense obter vantaxes no custo e diferenciarse da competencia ofrecendo un produto de máis calidade. Diversificar é outra opción, pero en calquera caso, é recomendable que reduces o número de deseños.

En canto aos puntos de venda, é preciso destacar que a maior parte das tendas especializadas en artesanía venden produtos de varias actividades artesanais: cerámica, pratería, talla en madeira, cartón pedra, olería, tecidos, vidro, pel e acibechería. Os establecementos de venda de produtos máis xenéricos teñen menos variedade de oferta artesanal, concentrándose a oferta especialmente en cerámica, talla en madeira e tecidos.

6.1.2. Prezo

O sector da artesanía está atravesando un período de estabilidade, aínda que con certo matiz alcista, nos prezos e marxes. A estabilidade nos prezos foi marcada en grande medida polos artesáns, que soportaron unha redución nas marxes que aplican aos seus produtos por temor a un encarecemento excesivo destes ao longo da cadea de distribución.

Como xa se comentou ao longo desta guía, a competencia dos produtos industriais nalgúns actividades supón un tope sobre os prezos que o artesán pode cargar rendiblemente, impedíndolle trasladar a totalidade do incremento ao prezo final do produto. Non obstante, hai que ter en conta que non todas as actividades vense suxeitas da mesma maneira a este tipo de competencia, polo que nelas existirá unha maior marxe para establecer os prezos. En conxunto, a marxe comercial do produtor sitúase entre un 30 e un 40%, se ben en moitas ocasións a fixación o prezo non responde a un método obxectivo.

6.1.3. Distribución

Un dos principais problemas do sector da artesanía é a existencia dunha canle comercial pouco desenvolvida. En xeral os instrumentos e redes de comercialización son moi deficientes o que supón un freo á produción e unha redución da demanda, que frecuentemente se caracteriza por ser local.

As canles de distribución son deficientes e a escaseza, cando non inexistencia, de comerciantes por xunto e de representantes comerciais son características comúns ao mercado da artesanía.

Isto xera que a maior parte dos artesáns comercialice os seus produtos no mesmo obradoiro, fundamentalmente a partir de encargos ou pedidos, e que nalgúns oficios se vendan os produtos nos mercados semanais das localidades próximas ou en feiras.

A venda a través de Internet ou mediante catálogos encóntrase moi pouco desenvolvida, a pesar do gran potencial que ten.

Unha canle de comercialización pode ser curta ou longa, segundo o número de intermediarios que exista entre a produción e o consumo. Na artesanía, debido a que a maioría das vendas realízanse directamente ao cliente e non existen intermediarios, a canle de distribución é de circuito curto. A principal vantaxe deste tipo de canle é o incremento da marxe de beneficio para o produtor. Non obstante, a expansión das vendas obriga a recorrer a canles máis longas. Neste sentido, é aconsellable a realización dunha formulación progresiva, na que non se abordan investimentos importantes ata que os clientes e artesáns leven a cabo as súas habituais accións de pequena envergadura. É dicir, segundo se vai ampliando o mercado do artesanío este ten que acometer novos investimentos para poder chegar a cubrir ese mercado.

Unha opción de cara ao futuro é a distribución profesionalizada, isto é, a procura de acordos con empresas de loxística para incorporar novas técnicas de distribución, xestión de stocks, almacenamento, etc. e a posta en marcha de sistemas colectivos de distribuír artesanía.

6.1.4. Promoción

Os elementos de promoción máis empregados son as tarxetas, os símbolos e logotipos, a asistencia a feiras e exposicións e o boca a boca. Trátase, por tanto, de instrumentos promocionais moi básicos e, por tanto, insuficientes. De feito, un bo número de obradoiros non realiza ningún tipo de labor comercial. Esta situación débese á conxunción de varios factores: a falta de coñecemento do artesanío sobre cales son as ferramentas máis axeitadas ao tipo de produto, o seu custo e, sobre todo, o descoñecemento das novas formas de promoción.

Entre estas novas ferramentas de promoción, hai que citar a creación de rúas da artesanía, que consisten en rúas comerciais onde se sitúan varias tendas de artesanía.

Á marxe da promoción que se realiza de forma individual, os artesáns e obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia poden beneficiarse de promoción de tipo institucional. Neste sentido, actualmente a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, a través dun convenio de colaboración asinado coa Consellería de Innovación e Industria, publica o Directorio de Obradoiros artesanais ao que xa se aludiu ao longo da presente guía. Outra publicación institucional que pode ser unha boa ferramenta de promoción é o Obradoiros artesáns de Galicia, editado pola citada Consellería.

Así mesmo, desde 1992 existe a marca de "Artesanía de Galicia", cuxa finalidade é acreditar a calidade dos produtos artesáns de Galicia e dotalos dunha identidade propia. Os artesáns e obradoiros inscritos no rexistro poden solicitar a autorización para o uso distintivo desta marca en etiquetas, bolsas, carteis, papel, etc. O uso do distintivo concédese por un período de dous anos, podéndose renovar coa presentación dunha nova solicitude.

6.2. Recursos humanos

A lectura do presente capítulo permitirache coñecer:

> O PERFIL PROFESIONAL REQUIRIDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE ARTESANAL.

> A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E OS SERVIZOS EXTERIORES MÁIS HABITUAIS.

> ALGÚNS DOS CONVENIOS COLECTIVOS APLICABLES ÁS ACTIVIDADES ARTESANAIS.

6.2.1. Perfil profesional

Como xa se comentou no apartado 5.3, unha das debilidades características do sector da artesanía é a escasa cualificación e a falta de formación en xeral. Se ben isto afecta máis a unhas actividades que a outras, aínda resulta habitual que non se dominen determinados aspectos do proceso artesanal, o que implica unha limitación da produción, comercialización e promoción do sector.

Por outra parte, é frecuente que os artesáns traballaran primeiro por conta allea, ou como aprendices para outro artesán ou nun obradoiro, polo que no momento de independizarse xa dominaban en boa medida o seu traballo. É común tamén que os artesáns aprendan o oficio por tradición familiar, se ben isto ocorre sobre todo nas actividades relacionadas coa artesanía popular. Isto leva, pois, unha aprendizaxe das técnicas de elaboración máis tradicionais pero, en moitos casos, carencias formativas noutras áreas como o deseño ou a xerencia.

Non obstante, nos últimos anos, establecéronse artesáns que estudaron en escolas de artes e oficios ou noutros centros (véxase o apartado 7.3.3 para a súa enumeración) e que se establecen nos seus propios obradoiros unha vez finalizan o seu proceso de formación.

6.2.2. Estructura organizativa

En relación cos medios técnicos e humanos, é preciso sinalar que a organización e o funcionamento dos obradoiros están intimamente ligados ás características particulares de cada actividade, as cales veñen definidas pola duración do proceso, o persoal empregado, a especialización requirida nas fases de produción, a simultaneidade de procesos, etc.

Como xa se mencionou no apartado 5.2.1.4, , o sector caracterízase por unha importante presenza de artesáns individuais. Non obstante, a maioría son

profesionais que traballan en solitario, ou coa axuda dalgún familiar. Por tanto, no cabe falar de estrutura organizativa nestes casos.

Entre os obradoiros, o artesán propietario adoita asumir as tarefas que requiren maior formación e responsabilidade (produción, comercial, xerencia), fronte ás de carácter auxiliar que desenvolve o empregado.

6.2.3. Servizos exteriores

Os servizos exteriores que demandan este tipo de empresas consisten, na súa maioría, en asistencia contable, laboral e fiscal.

6.2.4. Convenios colectivos aplicables

En materia laboral, o sector da artesanía, dependendo da localización, das características produtivas e da actividade, pode estar regulado por multitude de convenios.

De todas formas hai moi poucas actividades que teñen convenio colectivo. A continuación podemos ver algúns dos convenios do sector:

- Convenio colectivo para as industrias do sector da carpintería de ribeira da Coruña (DOG do 6 de setembro do 2004).
- Convenio Colectivo da Construción, Vidro e Cerámica da Coruña (BOP 17 de xaneiro de 2007).
- Convenio colectivo do sector de industrias de carpintería e ebanistería (BOP 27 de decembro de 2006).
- Convenio colectivo do sector de elaboración e instalación de pedra e mármore da Coruña (DOG do 2 de xullo do 2004).
- Convenio colectivo da industria da ebanistería e afíns de Lugo (DOG do 14 de outubro do 2005).
- Convenio colectivo para as industrias do sector da carpintería de ribeira de Pontevedra (BOP 20 de setembro de 2006).
- Convenio colectivo do sector da carpintería, ebanistería e actividades afíns de Pontevedra (DOG do 2 de agosto do 2004).
- Convenio colectivo do sector de mármore e pedras de Pontevedra (DOG do 10 de xaneiro do 2006).

6.3. Recomendacións

O emprendedor debe coñecer e distinguir todas as canles de comercialización, para saber como e onde colocar o seu produto, tendo en conta que o uso das novas tecnoloxías, como pode ser a creación dunha páxina web ou a venda on-line, son un medio de contratación directa de servizos en crecemento.

É moi recomendable que as empresas actualicen os seus coñecementos de xestión empresarial e integren na súa visión de negocio unha aposta pola innovación. É dicir, sen renunciar a preservar as técnicas artesanais tradicionais, é necesario actualizar outras facetas do negocio, como a comercialización dos produtos, ou deseño dos mesmos e a aplicación das novas tecnoloxías.

En determinados casos (artesáns situados en núcleos poboacionais de certas dimensións, realización de certos oficios), parece recomendable que o emprendedor posúa tenda propia. A tenda constituínte unha exposición permanente dos produtos artesanais e actúa como reclamo para a captación de clientela. O máis usual, é que unha parte do local estea destinada ao obradoiro e outra estea acondicionada para a comercialización dos produtos. No caso de que o artesán produza integramente a partir de encargos ou pedidos podería prescindir de poñer en marcha o seu propio establecemento.

Recoméndase, dentro do posible, que o artesán diversifique a carteira de produtos e de servizos, sempre en función do público obxectivo ao que se dirixe (é dicir, debe evitarse a tendencia a abarcar todos os segmentos de mercado). Neste sentido, ademais da diversificación dos propios produtos artesanais, sería interesante organizar cursos de iniciación, participar en demostracións “en vivo”, etc.

En relación coa comercialización, un aspecto clave é a mellora e coidado do formato do produto artesanal (etiquetado, embalaxe, envase...). Tamén é aconsellable a sinatura das creacións, como elemento diferenciado do produto. Na última instancia, a creación dunha marca propia sería o mellor elemento de diferenciación posible, coa imaxe de calidade que iso transmite. É dicir, a mellor estratexia pasaría por converter a artesanía nunha “marca secundaria” da propia marca.

Non se pode descoidar a renovación dos produtos comercializados. O artesán debe coidar ao máximo os deseños dos produtos e estar ao día en canto a tendencias. Neste sentido, debe saber adaptarse aos cambios nos hábitos de consumo dos clientes, tan sensibles ás transformacións sociais en xeral.

A asistencia a feiras do sector é unha boa forma de dar a coñecer o produto, sobre todo na fase de introdución no mercado. Tamén representa unha boa opción para captar novos clientes e para establecer contactos con outros artesáns. Algúns deles utilizan estas feiras para realizar mostras en vivo do produto que elaboran. Por outra parte, cando consigas unha carteira de clientes axeitada poderías chegar a traballar exclusivamente sobre encargos ou pedidos.

A afiliación a asociacións ou agrupacións de artesáns pode ser moi beneficiosa. Estas organizacións velan polos intereses profesionais dos seus integrantes e desenvolven labores de promoción da artesanía.

A expansión é un obxectivo ao que non se debe renunciar e que se pode lograr a través da formalización de acordos con tendas independentes, situadas fóra da área de influencia do emprendedor. Esta vía pode supor unha importante saída a parte da produción e contribúe a aumentar a cifra de vendas.

O emprendedor deberá facer unha previsión sobre a cantidade de materia prima da que deberá abastecerse para poder atender ao seu nivel de vendas. Nalgunhas ocasións, os provedores de materias primas establecen pedidos mínimos de compra, que poden estar por riba das necesidades do emprendedor. É esencial traballar con provedores que teñan boas materias primas, nalgúns casos provedores especializados, pois a calidade do produto elaborado dependerá en boa medida da excelencia das mesmas.

O artesán debe dispoñer dunha formación específica e dominar as técnicas artesanais. Para a realización de determinadas actividades artesanais, debe ademais posuír unha serie de aptitudes artísticas e creativas. Por outra parte, o emprendedor desenvolve un labor polifacético, xa que é o responsable do obradoiro e á vez o responsable directo de todo o ciclo de vida do produto: deseño, fabricación, promoción e comercialización.

6.4. Identificación de oportunidades de negocio

O sector da artesanía presenta oportunidades de negocio en case todas as actividades artesanais existentes, sempre que o oficio se exerza con rigor, honestidade e vocación de liderado, é dicir, se articule en torno ao concepto de calidade máxima.

Así pois, non é tan importante a actividade na que se sitúe o artesán como a orientación que se lle dea á mesma. A rendibilidade non depende tanto das características planas da actividade, senón de como se utilicen para producir modelos para o mercado. O factor clave distintivo é a autoría, a marca.

Dentro dos segmentos con maior potencial pódense citar os sectores da madeira, a xoiería, a ourivería, os complementos, a decoración, a creación de maquetas, a restauración, a construción, etc., actividades nas cales se pode apreciar unha forte presión da demanda.

Algunhas disciplinas, como a cerámica artística, ofrecen múltiples posibilidades. A tendencia é a creación de artigos artesanais contemporáneos nos que se combinan os deseños actuais coa introdución de novas aplicacións, o que dá lugar a propostas novas.

Non obstante, se é posible mencionar algúns segmentos menos recomendables. Serían aqueles estreitamente asociados a servizos ou segmentos de mercado obsoletos ou anacrónicos, tales como o oficio de afiadador ou o de produtor de zocas e zocas de madeira.

Unha oportunidade de negocio destacable constitúea a implantación de puntos de venda nos que se comercialicen produtos realizados por distintos artesáns, é dicir, a oferta de produtos agrupada. Se, ademais, se trata dunha zona de promoción turística, esta opción cobra máis importancia.

A utilización dos establecementos adheridos á rede de turismo rural galego como canle de comercialización dos produtos de artesanía é unha opción que debe ser tida en conta. A colaboración entre artesanía e turismo rural, non obstante debería non cingirse en exclusiva á comercialización de produtos artesanais. Unha boa estratexia de dinamización conxunta podería ser a elaboración de paquetes turísticos integrais. Así, por exemplo, xunto co aloxamento e a comida poderían ofrecerse cursos de iniciación á artesanía que permitiran aos turistas unha participación activa, visitas a obradoiros durante as sesións de traballo dos artesáns, encontros de carácter profesional en zonas rurais... Non obstante, para que estas estratexias de desenvolvemento rural poidan desprezar todo o seu potencial será preciso que as administracións públicas coordinen e incentiven axeitadamente as distintas accións requiridas. Desta forma, poderíase superar a fórmula de "aloxamento e comida" que actualmente perdura en moitos dos establecementos de turismo rural de Galicia.

7. VARIOS

7.1. Normas sectoriais de aplicación

A creación dunha empresa dedicada a actividades artesanais está suxeita aos trámites ordinarios de constitución dun negocio que podes consultar na Guía de Recursos, que pertence a esta mesma colección e está dispoñible en formato web (<http://guias.bicgalicia.es>).

O artesán non ten obriga de inscribirse no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia para o exercicio da súa actividade. Non obstante, si é un requisito de obrigado cumprimento no suposto de que o artesán queira acceder aos programas de apoio á actividade que se desenvolven desde a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia creouse ao amparo da Lei 1/1992 do 11 de marzo de Artesanía de Galicia. A inscrición no rexistro supón estar en posesión dun documento de cualificación (Carta de artesán). Os artesáns cualificados tamén poderán solicitar a inscrición do obradoiro no rexistro e obter a correspondente carta de obradoiro.

Unha das vantaxes que se derivan do anterior é, precisamente, a posibilidade de solicitar a autorización para o uso da marca Artesanía de Galicia en etiquetas, bolsas, etc.

A continuación, relaciónase a normativa que afecta á actividade e que é conveniente que coñezas:

A norma que regula as actividades artesanais en Galicia é a seguinte:

- Decreto 218/2001 do 7 de setembro: Refundición da normativa vixente en materia de artesanía (DOG do 24 de setembro do 2001).

Este Decreto supón unha refundición de diversas normas:

- Lei 1/1992 do 11 de marzo de artesanía de Galicia (DOG do 23 de marzo do 1992; corrección de erros no DOG do 13 de abril do 1992).
- Decreto 145/1993 do 24 de xuño polo que se regula o procedemento de obtención da carta de artesán e mestre artesán e o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (DOG do 7 de xullo do 1993).
- Decreto 68/1994 polo que se modifica o Decreto 94/1992 do 11 de abril polo que se regula a composición da Comisión galega da artesanía (DOG do 11 de abril do 1994).
- Orde do 5 de maio do 1997 pola que se aproban as actividades artesanais comprendidas na sección correspondente do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (DOG do 26 de maio do 1997).

A continuación cítase outra normativa que pode resultar de interese:

- Decreto 142/2006, do 27 de xullo, de establecementos de turismo rural (DOG do 7 de setembro do 2006).

- Orde do 31 de xullo do 2001 pola que se regula o procedemento para a concesión, uso e control da marca "Artesanía de Galicia", propiedade da Xunta de Galicia (DOG do 24 de agosto do 2001).

As empresas do sector da artesanía, ao igual que calquera outra empresa están obrigadas a cumprir a lexislación existente en materia de Prevención de Riscos Laborais. Podes consultar a Lei de Prevención de Riscos Laborais e algunhas normas posteriores que a desenvolven na Guía de Recursos, desta mesma colección e dispoñible en formato web (<http://guias.bicgalicia.es>).

7.2. Axudas

No presente apartado aparecen recollidas aquelas axudas de carácter específico ás que poden optar os emprendedores que pretendan crear unha empresa dedicada a actividades de artesanía. As restantes axudas de tipo xenérico poden ser consultadas na Guía de Recursos, desta mesma colección e dispoñible en formato web (<http://guias.bicgalicia.es>).

Unha vez que definas totalmente o teu Plano de Empresa, poderás analizar as axudas posibles existentes e rexeitar aquelas que non sexan útiles para as túas necesidades ou incompatibles entre si.

Con carácter específico para a túa actividade, anualmente a Consellería de Innovación e Industria, convoca unha serie de subvencións a fondo perdido para o fomento e desenvolvemento do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas axudas están destinadas aos artesáns, obradoiros e asociacións artesanais (con máis de 20 membros) de carácter profesional inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

A finalidade destas subvencións é a creación, mellora ou adecuación das unidades produtivas, a mellora no deseño e na calidade das producións, a divulgación e promoción dos produtos artesáns, o fomento da participación en feiras profesionais e a formación técnica.

As axudas poden alcanzar unha contía máxima do 75% do investimento a subvencionar, co límite máximo de 30.000 euros por entidade.

Algunhas das partidas subvencionables, son:

- Adquisición de equipos novos para proxectos de innovación no proceso produtivo (maquinaria, ferramentas, equipo auxiliar, equipos para procesos de informatización, etc.).
- Gastos de deseño de páxinas web.
- Elementos básicos que formen parte do deseño de expositores para utilizacións exclusivas en feiras profesionais.
- Redución das cotas á seguridade social, para artesáns que inicien a súa actividade.
- Axudas monetarias de ata 3.600 euros/traballador pola contratación de persoal en prácticas.

O texto completo da convocatoria, aparece recollido na Orde do 25 de maio do 2007 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o sector artesanal galego, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. DOGA nº 105 Data 01/06/2007.

Outro tipo de axudas dirixidas ao sector artesanal son as que se poden derivar da aplicación dalgunha das iniciativas comunitarias que teñen actuación en mostra Comunitade: EQUAL, INTERREG III, LEADER + e URBAN. Tamén te podes acoller a axudas procedentes dos fondos europeos AGADER e PRODER II. Para máis información sobre estes programas pódete dirixir á Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural (AGADER), e aos grupos de acción local ou á Fundación para o desenvolvemento da túa comarca (Fundación Comarcal).

7.3. Organismos

7.3.1. Organismos e institucións

Na Guía de Recursos, desta mesma colección e dispoñible en formato web (<http://guias.bicgalicia.es>), podes consultar un amplo listado de organismos a nivel galego e estatal de tipo xenérico que poden resultarche de axuda á hora de iniciar a túa actividade.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA (IGAPE)

Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 175
Fax: 981 558 844
E-mail: informa@igape.es
Páxina web www.igape.es

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 545 400
Fax: 981 544 949
Páxina web: www.xunta.es/conselle/in

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 547 322
Fax: 981 547 323
Páxina web: <http://traballo.xunta.es/>

FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 545 400
Fax: 981 544 949

REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA

Edificios Administrativos San Caetano s/n, nº 5 – 4º andar
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 545 553
Fax: 981 544 706
Páxina web: www.xunta.es/rexistros

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA

A Barcia, Estrada Santiago - Noia, Km. 3
15896 Santiago de Compostela
Tel.: 981 545 811
Fax: 981 542 564
E-mail: comarcas@cetadec.net
Páxina web: www.comarcasdegalicia.com

GUÍAS DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL ARTESANÍA

AGADER (AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL)

Avda. Camiño Francés 10, baixo
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 547 355
Fax: 981 547 381
Páxina web: <http://agader.xunta.es>

CENTRAD

Travesía Rúa Chantada, s/n
27004 Lugo
Tel.: 982 210 066
Fax: 982 219 014
E-mail: cadg@cadg.org
Páxina web: www.centrad.org - www.diputacionlugo.org/html/cadg.htm

FUNDACION ESPAÑOLA PARA LA INNOVACIÓN DE LA ARTESANÍA

Maior 6
28013 Madrid
Tel.: 915 325 103
Fax: 915 329 812
E-mail: fundesarte@fundesarte.org
Páxina web: www.fundesarte.org

7.3.2. Asociacións profesionais

Neste apartado facilítaseche unha lista das distintas asociacións relacionadas co sector da artesanía presentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A principal asociación profesional en Galicia é:

ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS (AGA)

Camiño da Igrexa 38
15009 A Coruña
Tel.: 981 293 688
Fax: 981 133 569
E-mail: asociacion@galegadeartisans.org
Páxina web: www.galegadeartisans.org

En España, a organización de referencia, con representación das distintas comunidades autónomas, é:

OFICIO Y ARTE. ORGANIZACIÓN DE LOS ARTESANOS DE ESPAÑA

Montes 13
15009 A Coruña
Tel.: 981 288 104
Fax: 981 282 796
E-mail: correo@oficioyarte.org
Páxina web: www.oficioyarte.org

Outras asociacións existentes en Galicia, tanto de tipo profesional como non, son:

De tipo xeral:

AFIGA - ASOCIACIÓN PARA FOMENTO E IMPULSO DA ARTESANÍA

Rúa do Derribo 2
36940 Cangas do Morrazo
Tel.: 986 303 069

ARTEDEZA – ASOCIACIÓN DE ARTESÁNS DA COMARCA DO DEZA

C 26, 2º B
36500 Lalín (Pontevedra)
Tel.: 986 581 028

ASOCIACIÓN DE ARTESÁNS DE TERRA DE LEMOS

Carece de local nestes momentos. Para contacto postal, é posible dirixirse á súa actual presidenta, Pilar Rodríguez Gonda:
Casar 38
27400 Monforte de Lemos (Lugo)
Tel.: 982 162 750
Tel. móbil da Asociación: 679 077 144

ASOCIACIÓN DE MULLERES ARTESÁNS

Pavía 8
36860 Pontearreas (Pontevedra)

ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS TRADICIONAIS - AGAT

Torrecedeira 54, 5º K
36202 Vigo
Tel.: 986 233 918
Apartado 1908

ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE ARTESÁNS DE OURENSE

Praza das Damas, 1
32005 Ourense
Tel.: 988 391 110

ASOCIACIÓN DE ARTESÁNS “AS MARIÑAS”

Casa da Cultura do Concello de Bergondo
15165 Bergondo (A Coruña)
Tel.: 981 791 779 (teléfono da presidenta)

De actividades específicas:

ASOCIACIÓN DE ARTESÁNS CANTEIROS DA PROVINCIA DE OURENSE

Moldes
32514 Boborás (Ourense)

ASOCIACIÓN DE MULLERES CERÁMICAS

López Mora 21, local 5
36211 Vigo
Tel.: 652 046 454
E-mail: mulleresceramicas@yahoo.es

ASOCIACIÓN DE OURIVERÍA DE SANTIAGO

Sta. Comba 5, Polígono Vista Alegre
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 581 097

ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS AS NEMANQUIÑAS

Torre, s/n
15129 Vimianzo (A Coruña)
Tel.: 981 716 312

ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS DA CORUÑA

Areal 3, baixo
15002 A Coruña
Tel.: 981 202 521

ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS DO BAI XO MIÑO

Avda. da Concordia 100, 1º A
36700 Tui (Pontevedra)
Tel.: 986 601 380

ASOCIACIÓN DE PALILLEIRAS - NOSA SRA. DA BARCA

Mariña
15124 Muxía (A Coruña)

ASOCIACIÓN GALEGA DA ENCADERNACIÓN DE ARTE

Viladesuso 24, Baixo
15319 Piadela, Betanzos (A Coruña)
Tel.: 981 742 344

ASOCIACIÓN GALEGA DE ENCAIXEIRAS - PALILLADA

Areal 142, 9º D
36201 - Vigo
Tel.: 986 226 774

ASOCIACIÓN GALEGA DE INDUSTRIAIS PIROTÉCNICOS

Areas 53
15314 Paderne (A Coruña)
Tel.: 981 797 049 – 981887278

ASOCIACIÓN OLEIRA DE BUÑO

Buño, s/n
15111 Buño (A Coruña)
Tel.: 981 711 470

ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE PALILLEIRAS DE CAMARIÑAS - RENDAS

Ambrosio Feijoo, s/n
15123 Camariñas (A Coruña)
Tel.: 981 737 121
Fax: 981 730 723

7.3.3. Centros de estudos

Na Guía de Recursos, desta mesma colección e dispoñible en formato web (<http://guias.bicgalicia.es>), podes consultar un listado de programas formativos xenéricos que poden ser de interese para ti á hora de crear un obradoiro de artesanía.

A continuación ofréceseche unha relación dos centros de Galicia onde se poden cursar os estudos relacionados coa túa actividade. Na listaxe inclúense todo tipo de centros, tanto públicos como privados, ofrezan titulacións oficiais ou non:

As escolas oficiais de artes e oficios presentes na Comunidade Autónoma son:

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS MESTRE MATEO

Virxe da Cerca 32
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 587 757
Fax: 981 572 293
E-mail: escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.es

ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

García Barbón 5
36201 Vigo
Tel.: 986 447 137

ESCOLA DE ARTES PABLO PICASSO

Pelamios, s/n
15001 A Coruña
Tel.: 981 225 396
Fax: 981 228 078
E-mail: escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.es
Páxina web: www.eapicasso.com

ESCOLA DE ARTE RAMÓN FALCÓN

Paseo dos Estudantes, s/n
27002 Lugo
Tel.: 982 220 792
Fax: 982 251520
E-mail: escola.arte.ramon.falcon@edu.xunta.es

ESCOLA DE ARTE ANTONIO FAILDE

Avda. da Universidade, s/n
32005 A Cuña - Ourense
Tel.: 988 238 365
Fax: 988 238 365
E-mail: escola.arte.antonio.failde@edu.xunta.es

ESCOLA PROVINCIAL DE ARTES E OFICIOS DE OURENSE

Dr. Marañón 2
Tel.: 988 232 290 – 988 385 127
Fax: 988 385 184
E-mail: escola.artes@depourense.es
Páxina web: www.depourense.es/web/cultura/arteseoficios/arteseoficios.htm

GUÍAS DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL ARTESANÍA

Outros centros onde se poden cursar estudos relacionados coa artesanía, sexa de forma regrada ou non, son os seguintes:

CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL (CAT)

Subida ao Castelo 10
36202 Vigo
Tel.: 986 220 750
E-mail: cat@vigo.org
Páxina web: www.vigo.org/artesanía

A este centro pertence A Casa do Cesteiro:
Real 10
36202 Vigo
Tel.: 986 224 003
E-mail: casa.cesteiro.vigo@telefonica.net
Páxina web: www.vigo.org/artesanía/esp/index_ces.html

A. OUTEIRIÑO "TECIDO ARTESÁN"

Avenida de Portugal 107, 7º A
32002 Ourense
Tel.: 988 238 995
Fax: 988 238 995
E-mail: tecidoartesan@tecidoartesan.com
Páxina web: <http://www.tecidoartesan.com/Galego/Principal.htm>

ALDEA ARTESÁN DE A FRAGA

Lugar da Fraga, Cazás
27824 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 188 322
Fax: 982 188 322
Móbil 667 532 151
E-mail: informacion@casadeafraga.com
Páxina web: www.casadeafraga.com

CENTRO AUTORIZADO DE ARTES PLÁSTICAS E DISEÑO FELICIDAD DUCE

Fundación Ramón González Ferreiro
Paciños 2
32667 Allariz (Ourense)
Tel.: 988 43 61 80
Fax: 988 45 53 80
E-mail: info@fdmoda.com
Páxina web: www.fdmoda.com

CENTRAD

Travesía Rúa Chantada, s/n
27004 Lugo
Tel.: 982 210 066
Fax: 982 219 014
E-mail: cadg@cadg.org
Páxina web: www.centrad.org - www.diputacionlugo.org/html/cadg.htm

ESCOLA ABERTA DE ARTE

Sol 11, baixo
15402 Ferrol
Tel.: 981 320 665
Fax: 981 320 665
E-mail: correo@escolaaberta.com
Páxina web: www.escolaaberta.com

ESCOLA DE CANTEIROS DE POIO

Boavista - Caeiro
36215 Pontevedra
Tel.: 986 883 075

ESCOLA DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE GALICIA

Xeral Martitegui, s/n
36002 Pontevedra
Tel.: 986 861 251

ESCUELA TÉCNICA DE JOYERÍA DEL ATLÁNTICO

Avenida da Ponte 9, edificio Amigo, Finca os Ángeles
36215 Vigo
Tel.: 986 266 058
E-mail: info@escuelatlantico.com
Páxina web: www.escuelatlantico.com

ESTUDO TÉXTIL RAMÓN ÁLVAREZ

Rúa Nova 43 1º D
27001 LUGO
Tel.: 618 822 192
E-mail: estudiotextil@ramonalvarez.org
Páxina web: www.ramonalvarez.org

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR-XUNTA DE GALICIA

A única familia profesional que ten relación coa artesanía é a de Vidro e Cerámica. En Galicia só existe na actualidade un centro que imparta ensinanzas desta familia de forma oficial, que se sinala a continuación.

Ciclo Medio de Operacións de fabricación de produtos cerámicos

IES ISAAC DÍAZ PARDO

A Lagoa 19
15160 Sada (A Coruña)
Tel.: 981623954. FAX: 981624484
E-mail: ies.isaac.diaz.pardo@edu.xunta.es
Páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/iesisaacdiazpardo>

**GUÍAS DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL
ARTESANÍA**

7.4. Páxinas útiles en Internet

Na Guía de Recursos desta mesma colección e dispoñible en formato web (<http://guias.bicgalicia.es>), aparece unha relación de páxinas web que se vinculan de forma directa coa túa futura actividade. A continuación cítanse unha serie de páxinas web temáticas de interese:

Always Stone. Portal do mundo da pedra e a cantería: www.alwaystone.com

Bordado español: <http://victorian.fortunecity.com/museum/483/>

Espazo Oficial do Concello de Camariñas (inclúe unha sección sobre o encaixe de Camariñas): www.mecam.net

Olería de Buño: www.finisterrae.com/oleria

Recursos sobre restauración especializada en moble e cerámica (en inglés): www.antiquerestorers.com

Obradoiros de arte: información artesá: www.talleresdearte.com

The ceramics web: <http://ceramics.sdsu.edu>

7.5. Bibliografía

ASOCIACIÓN CULTURAL "DÍA DE LAS TRADICIONES CANARIAS": Los oficios tradicionales y las fibras vegetales, La Orotava, Asociación Cultural "Día de las Tradiciones Canarias", 2002.

ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS: Guía de novas tecnoloxías para artesáns, Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, 2006.

CANO, MARÍA DEL MAR: Artesanos en Castilla y León, Valladolid, Federación de Organizaciones Artesanas de Castilla y León, 2005.

CANOURA LEIRA, CONCEPCIÓN: Catálogo de encaixe galego tradicional, Consellería de Innovación, de Industria e Comercio, Xunta de Galicia, 2003.

CANOURA LEIRA, CONCEPCIÓN: Fíos e cores, Santiago de Compostela, Consellería de Innovación, Industria e Comercio, 2004.

Editorial de los Oficios (editorial con moitas publicacións sobre oficios artesáns): www.edeoficios.com.

Forging Magazine (revista sobre forxa, en inglés): www.forgingmagazine.com

FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA LA ARTESANÍA: Artesanía y diseño '04: 100 propuestas para el nuevo milenio, Madrid, Fundación Española para la Artesanía, 2004.

GONZÁLEZ GARRIDO, MARÍA DEL CASTILLO: Artesanía vegetal: anea, esparto y mimbre, Miguelturra, Universidad Popular, 2001.

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA: Obradoiros artesáns de Galicia, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial, 2003.

GONZÁLEZ-HONTORIA, GUADALUPE: Las artesanías de España. I, Zona septentrional, Barcelona, Ediciones del Serbal, 1988.

LENORMAND, LOUIS-SÉBASTIEN: Manual del encuadernador en todas sus partes; seguido del Arte de trabajar en cartón, Madrid, Ollero y Ramos, 2005.

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES Y MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE: Artesanía, Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales y Ministerio de Medio Ambiente, 2003 (Colección Manual de buenas practicas ambientales en la familia profesional. Sector industria).

Revista Oficioyarte. Organización de los artesanos de España.

PEREIRA GARCÍA, ELISA: "O CAT como centro de difusión dos oficios tradicionais", no Boletín del Instituto de Estudios Vigueses, Ano 10, n. 10, pp. 239-256, 2004.

SECRETARÍA DEL COMMONWEALTH, UNESCO E CENTRO DE COMERCIO INTERNACIONAL UNCTAD/WTO: Artesanía: ferias comerciales internacionales: guía práctica, Londres, Xinebra, París, Secretaría do Commonwealth, UNESCO E Centro de Comercio Internacional UNCTAD/WTO, 2001.

SENTANCE, BRYAN: La madera: el mundo del trabajo de la madera y la talla en madera, San Sebastián, Nerea, 2004.

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA: Directorio de obradoiros artesanais, Sociedade para o desenvolvemento comarcal de Galicia, 6ª edición, 2005.

VALLDEPÉREZ, PERE: El vitral, Barcelona, Parramón, 2002.

XUNTA DE GALICIA: Obradoiros artesáns de Galicia, Consellería de Innovación, Industria e Comercio, 2003.

XUNTA DE GALICIA: Galicia 2005, Xunta de Galicia, 2004. Disponible en www.xunta.es/g2005.

VALDÉS PELÁEZ, LUIS Y BALLINA BALLINA, FRANCISCO JAVIER DE LA: "La calidad en el turismo rural: el caso de las marcas de calidad regionales". En Investigación y marketing, n. 87, p. 43-49, 2005.

7.6. Glosario

Na Guía de Recursos desta mesma colección e dispoñible en formato web (<http://guias.bicgalicia.es>), podes consultar un glosario específico sobre a creación de empresas que pode ser de interese para comprender axeitadamente os distintos conceptos empregados ao longo desta guía.

Albardeiro: Persoa que confecciona albardas de distintos tipos, para ser utilizadas nos animais de carga e paseo, obxectos frecuentes e moi requiridos ata hai poucas décadas no mundo rural.

Aldeas de turismo rural: O Decreto 191/2004 recolle a creación dunha nova categoría de aloxamentos de turismo rural, as aldeas, que se definen como aqueles conxuntos compostos, como mínimo, por tres casas situadas nun mesmo núcleo rural, que sexan explotadas de forma integrada e pertencen a un mesmo titular.

Ceramista: Persoa que se dedica a fabricar vasillas e outros obxectos de barro, louza e porcelana.

Ebanista: Persoa que ten por oficio traballar en ébano e outras madeiras finas.

Encaixe: Tecido de mallas, lazadas ou calados, con flores, figuras ou outros labores, que se fai con palillos, agulla de coser ou de gancho, etc., ou ben a máquina.

Folla de lata: Lámina de ferro ou aceiro, estañada polas dúas caras.

Forxa: Obradoiro no que se utiliza o ferro para producir todo tipo de obxectos.

Gravado: Estampa que se produce por medio da impresión de láminas gravadas ao efecto.

Gornicioneiro: Operario que traballa ou fai obxectos de coiro, como maletas, bolsos, correas, etc.

Imaxinería: Talla ou pintura de imaxes sagradas. Tamén o bordado, polo regular de seda, cuxo debuxo é de aves, flores e figuras, imitando no posible a pintura.

Luthier: Persoa que se dedica a fabricar ou a reparar instrumentos de corda.

Marroquinería: Oficio que se caracteriza pola produción de artigos de pel ou tafilete, como carteiras, cantimploras, maletas, etc.

Oleiro: Fabricante ou vendedor de olas e outros utensilios de barro.

Ourivería: Arte de labrar obxectos artísticos de ouro, prata e outros metais preciosos, ou aliaxes deles.

Palillo: Pau pequeno e torneado que serve para facer encaixe e pasamanería. O fío se arrolla ou debanda na metade superior, que é máis delgada, e queda tirante polo peso da outra metade, que é máis grosa.

Pirogravado: Procedemento para gravar ou tallar superficialmente en madeira por medio dunha punta metálica incandescente.

Serigrafía: Procedemento de estampación mediante estarcido a través dun tecido, en principio seda, pola que un rolo fai pasar a tinta ou pintura. Imprímese sobre calquera material, como papel, tea, metal, cerámica, etc.

Soprador de vidro: Obreiro que ten como traballo soprar na pasta de vidro para obter as formas previstas.

Tallista: Persoa que realiza obras de escultura, especialmente en madeira.

Taracea: Entarimado feito de madeiras finas de diversas cores formando debuxo.

Taxidermia: Arte de disecar os animais para conservalos con aparencia de vivos.

Tonelería: Arte ou oficio da persoa que fabrica toneis.

7.7. Fontes

Artesanía de Galicia. Directorio de artesanía: www.artesaniadegalicia.com

CEIN. Artesanía. Estudos sobre o sector

Consellería de Innovación e Industria. Rexistro Xeral de Artesanía:
www.xunta.es/applications/rexistros/RexistroRCA.htm

SEPECAM. Estudo sobre o sector da Artesanía en Castela-A Mancha

Sociedade para o desenvolvemento comarcal de Galicia. Directorio de obradoiros.

8. ANEXOS

8.1. Anexo de información estadística de interese

0200 Descrición do sector

Cadro 0200.1 Actividades artesanais segundo categoría de actividade

Categoría	Actividades artesanais
TÉXTIL	Encaixes
	Tecidos
	Bordados
	Decoración de teas
VESTIDO	Modista
	Traxes tradicionais populares
	Peletería
CALZADO	Zapatería
	Produtor de zocas
	Produtor de zocos
MADEIRA	Carpintería
	Carpintería de ribeira
	Ebanistería
	Talla de madeira
	Marquetería
	Tornería
	Tonelería e sellaría
	Cestería
PAPEL E CARTÓN	Cartón pedra
ARTES GRÁFICAS	Encadernación
	Serigrafía
	Gravados

Categoría	Actividades artesanais
COIRO	Albardería e talabartería
	Marroquinería
	Repuxado e decorado de coiro
PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS	Cerámica
	Olería
VIDRO	Talla de vidro
	Vitralista
	Vidreiro
PEDRA	Cantería
	Talla de pedra ou mármore
METAIS	Cerrallaría decorativa ou artística
	Construción e reparación de reloxos
	Esmaltes
	Forxa e ferrería
	Fundición
	Metalistería
	Follalatería
	Pratería
	Ourivería
	Xoiería
INSTRUMENTOS MUSICAIS	Instrumentos musicais de percusión
	Instrumentos musicais tradicionais
	Instrumentos musicais de vento
	Instrumentos musicais de corda

Categoría	Actividades artesanais
VARIOS	Arranxos con flores naturais ou secas, etc.
	Cerería
	Modelos ou maquetas
	Escultura
	Pirotecnia
	Restauración
	Artigos deportivos
	Pintura e revestimentos decorativos
	Escenografía e cartelismo
	Dourado
	Miniaturas
	Produtor e reparador de redes
	Tapicería
	Xoguetes e bonecos
	Fotografía
	Chacinaría
	Confeteiría
	Debuxo
	Panadería
	Queixo e manteiga
Talla de coral, marfil, nácara, carei, ónice, ...	

Fonte: Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Consellería de Innovación e Industria

0400 Contexto Sectorial

Cadro 0400.1 Número de obradoiros por provincia, Galicia, agosto de 2007 (unidades)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
Encaixes	19	1	2	-	22
Tecidos	8	3	9	5	25
Bordados	1	-	-	-	1
Decoración de teas	-	1	1	1	3
TOTAL TÉXTIL	28	5	12	6	51
Modista	-	2	-	1	3
Traxes tradicionais populares	2	1	3	1	7
Peletería	1	-	-	-	1
TOTAL VESTIDO	3	3	3	2	11
Zapatería	1	-	-	-	1
Productor de zocas	-	3	-	-	3
Productor de zocos	2	-	-	1	3
TOTAL CALZADO	3	3	-	1	7
Carpintería	3	15	5	1	24
Carpintería de ribeira	6	-	-	1	7
Ebanistería	5	10	-	4	19
Talla de madeira	2	4	1	2	9
Marquetería	1	-	1	1	3
Tornería	2	1	1	7	11
Tonelería e <i>sellaría</i>	1	1	-	-	2
Cestería	20	3	-	-	3
TOTAL MADEIRA	19	34	8	16	78
Cartón pedra	4	-	-	2	6
TOTAL PAPEL E CARTÓN	4	-	-	2	6
Encadernación	7	1	2	6	16
Serigrafía	1	1	-	1	3
Gravados	2	1	1	3	7
TOTAL ARTES GRÁFICAS	10	3	3	10	26

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
Albartería e talabartería	2	1	-	-	3
Marroquinería	7	3	-	9	19
Repuxado e decorado de coiro	-	-	-	1	1
TOTAL COIRO	9	4	-	10	23
Cerámica	17	12	6	22	57
Olería	15	2	5	4	26
TOTAL PRODUCTOS MINERAIS NON METÁLICOS	32	14	11	26	83
Talla de vidro	5	-	-	-	5
Vitralista	9	3	2	3	17
Vidreiro	6	-	-	2	8
TOTAL VIDRO	20	3	2	5	30
Cantería	5	2	1	16	24
Talla de pedra ou mármore	3	-	2	1	6
TOTAL PEDRA	8	2	3	17	30
Cerrallaría decorativa ou artística	1	1	2	1	5
Construción e reparación de reloxos	1	1	1	-	3
Esmaltes	1	1	-	-	2
Forxa e ferrería	1	4	4	1	10
Fundición	-	1	-	2	3
Metalistería	4	3	-	1	8
Follalatería	-	1	1	-	2
Pratería	10	1	-	1	12
Ourivería	10	-	-	5	15
Xoiería	28	7	5	18	58
TOTAL METAIS	56	20	13	29	118

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
Instrumentos musicais de percusión	1	-	-	-	1
Instrumentos musicais tradicionais	5	4	1	6	16
Instrumentos musicais de vento	1	-	-	-	1
Instrumentos musicais de corda	1	-	-	-	1
TOTAL INSTRUMENTOS MUSICAIS	8	4	1	6	19
Arranxos con flores naturais ou secas, etc.	3	-	1	-	4
Cerería	1	-	1	1	3
Modelos ou maquetas	2	-	-	1	3
Escultura	5	-	3	4	12
Pirotecnia	-	-	-	2	2
Restauración	7	11	3	4	25
Artigos deportivos	1	-	-	-	1
Pintura e revestimentos decorativos	3	-	-	1	4
Escenografía e cartelismo	1	-	-	-	1
Dourado	-	-	-	1	1
Miniaturas	1	-	-	-	1
Productor e reparador de redes	-	-	-	1	1
Tapicería	-	1	1	-	2
Xoguetes e bonecos	2	-	-	1	3
Fotografía	-	2	-	-	2
Chacinaría	-	1	2	-	3
Confeteiría	2	1	1	2	6
Debuxo	-	-	1	-	1
Panadería	3	-	3	5	11
Queixo e manteiga	-	6	-	1	7
Talla de coral, marfil, nácara, carei, ónice, ...	1	-	-	-	1
TOTAL VARIOS	32	22	16	24	94

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
TOTAL OBRADOIROS	233	117	72	154	576

Fonte: Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Consellería de Innovación e Industria

8.2. Anexo de feiras

Neste apartado inclúese unha lista dos eventos máis significativos a nivel galego relacionados co sector da artesanía.

NOME	LOCALIDADE	DESCRIPCIÓN
ARTE SANFROILAN	Lugo	Impulsar a artesanía de Galicia
ARTESANAL	Pontevedra	Artesanía xenérica
FEIRA DE ARTESANÍA	Ourense	Artesanía xenérica
FEIRA DE ARTESANÍA	Tui (Pontevedra)	Artesanía xenérica
FEIRA DE ARTESANÍA	Bergondo (A Coruña)	Artesanía xenérica
FEIRA DE ARTESANÍA POPULAR GALEGA	Viveiro (Lugo)	Artesanía popular galega
MARAVILLA SOA	Muros (A Coruña)	Artesanía xenérica
MOSTRA DE ARTESANÍA ARTELEMONS	Monforte de Lemos (Lugo)	Mostra profesional de artesanía
MOSTRA DE ARTESANÍA DE BUÑO	Buño (A Coruña)	Exposición de cerámica
MOSTRA DO ENCAIXE DE BOLILLOS	Camariñas (A Coruña)	Exaltación do encaixe de palillos coa exhibición, venda e concurso
MOSTRART	A Coruña	Artesanía de Galicia
OFEITOAMAN	Vigo (Pontevedra)	Artesanía de Galicia
PRIMAVERA NORTE	Santiago de Compostela (A Coruña)	Feira exclusiva para fabricantes e compradores profesionais de obxectos de artesanía para agasallos

Podés atopar máis información sobre feiras da artesanía na páxina web www.afe.es

8.3. Anexo de formación

A continuación proporciónase información sobre os planos de formación FIP e FORCEM:

Plano FIP

A Subdirección Xeral de Formación Ocupacional e Continua, dentro da Dirección Xeral de Formación e Colocación, dependente da Consellería de Traballo, é a responsable da xestión do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plano FIP). O obxectivo da formación profesional ocupacional, que vai dirixida a desempregados, é cualificalos para a súa integración no mercado laboral. En relación coa actividade á que se refire esta guía, a familia profesional da artesanía ofrece as seguintes especialidades.

CÓDIGO	NOME DO CURSO
ARTC10	OLEIRO-CERAMISTA (Alfareme)
ARTF10	ELABORADOR DE OBXECTOS DE FIBRAS VEXETAIS
ARTI10	LUTHIER
ARTM10	CARPINTEIRO-EBANISTA ARTESÁN
ARTM20	RESTAURADOR EN MADEIRA
ARTE10	CALDEIREIRO DE COBRE ARTESÁN
ARTE20	CERRALLEIRO ARTÍSTICO
ARTE30	FUNDIDOR ARTESÁN
ARTO10	XOIEIRO
ARTO20	PRATEIRO
ARTL10	MARROQUINEIRO ARTESÁN
ARTL20	ALBARDEIRO
ARTL30	ZAPATEIRO ARTESÁN
ARTD10	TALLADOR DE PEDRA OU MÁRMORE
ARTT10	TEIXEDOR DE TEAR MANUAL
ARTT20	ADORNISTA TÉXTIL
ARTT30	XASTRE
ARTT40	MODISTO/A
ARTS10	ENCADERNADOR-RESTAURADOR
ARTS20	ELABORADOR DE FIGURAS PLÁSTICAS
ARTS30	MAQUETISTA
ARTS40	BONEQUEIRO
ARTS50	REPARADOR DE RELOXOS

CÓDIGO	NOME DO CURSO
ARTV10	SOPRADOR DE VIDRO
ARTV20	VIDREIRO ARTÍSTICO
ARVD30	DECORADOR DE OBXECTOS DE VIDRO
ARTC01DCP	DECORADOR DE CERÁMICA DE TALAVERA
ARTS01DCP	ELABORADOR DE CANDEAS DECORATIVAS
ARTS02DCP	MANIPULADOR DE PAPEL RECICLADO
ARTS03DCP	ARTESANÍA RECICLADO

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

Plano FORCEM

A Fundación para a Formación Continua FORCEM ten como principais funcións as de impulsar e difundir a Formación Continua entre os traballadores e as empresas, xestionar as axudas á formación continua, e o seu seguimento e control técnico.

As iniciativas de Formación que son obxecto da actuación de FORCEM poden adoptar as seguintes modalidades:

- Planos de Formación.
- Permisos Individuais de Formación.
- Accións Complementarias e de Acompañamento á Formación.

A Fundación para a Formación Continua (FORCEM) recibe as solicitudes en función das necesidades formativas detectadas, valora tecnicamente esas solicitudes de axudas e xestiona o seu seguimento e control técnico.

O 1 de xaneiro do 2004 entrou en vigor o novo Sistema de Formación Profesional Continua, regulado polo Real Decreto 1046/2003, do 1 de agosto. Elaborouse un Plano Amigo para difundir o Novo Modelo, no que se realiza unha descrición das distintas Iniciativas de Formación Continua:

- Accións de Formación Continua nas empresas (inclúe Permisos Individuais de Formación).
- Contratos programa para a formación de traballadores.
- Accións Complementarias e de Acompañamento á Formación.

Ata que non se constitúa a Fundación Estatal para a Formación no Emprego será a Fundación Tripartita a que asuma de maneira transitoria as actividades que lle son encomendadas no Novo Modelo.

A continuación preséntase a relación dos organismos que xestionan o programa FORCEM e nos que podes obter información sobre distintos cursos relacionados coa túa actividade:

1. FOREM (Fundación Formación e Emprego)

Tel.: 981 555 052

Páxina web: www.forem.es

Este é o centro de formación de sindicato Comisións Obreiras. No número de teléfono poderás conseguir a información necesaria sobre os cursos que imparten actualmente.

2. FORGA (Fundación para a Orientación Profesional, Emprego e Formación en Galicia)

Tel.: 902 102 181 (central de chamadas)

Páxina web: www.forga.es

Este é o centro de formación do sindicato CIG. A información necesaria sobre os cursos que organiza pódela conseguir no número de teléfono que che facilitamos.

3. IFES (Instituto de Formación e Estudos Sociais)

Tel.: 981 569 200

Páxina web: www.ifes.es

O centro de formación de UGT denomínase IFES. Mediante unha consulta telefónica podes informarte dos cursos que imparte este sindicato a nivel de Galicia no teu ámbito de actividade.

4. CEG (Confederación de Empresarios de Galicia)

Tel.: 981 555 888

Páxina web: www.ceg.es

Dispón dun Centro de Orientación, Formación e Emprego (COFE), que ofrece un amplo abano de cursos especializados nas áreas de formación continua, ocupacional e de autoemprego.

9. NOTA DE AUTORES

As referencias nominais subministradas nesta Guía, tales como centros de estudo, asociacións, institucións, feiras, páxinas web, etcétera, que o lector pode atopar ao longo da lectura deste documento non pretenden ser unha enumeración exhaustiva senón unha mostra orientadora das entidades detectadas durante a elaboración deste estudo. É posible que existan outras referencias, similares ás citadas, que non foron incluídas por non constituír tales relacións o obxectivo principal da presente Guía.

Todos os datos relacionados con estatísticas, lexislación, cursos, axudas e calquera outra información susceptible de ser actualizada, foron obtidos durante a realización da presente Guía.

Santiago, agosto de 2007